

PROGRAMACIÓNS CURSO 2021 - 2022

IES “DAVID BUJÁN” CAMBRE

CULTURA CLÁSICA 3º ESO

LATÍN 4º ESO

LATÍN I e LATÍN II

GREGO I e GREGO II



ÍNDICE	PÁXS
0. Materias que imparte o Departamento.	4
1. Introducción e contextualización.	4
2. Contribución das materias ás competencias clave.	
2.1. CULTURA CLÁSICA 3º ESO	7
2.2. LATÍN 4º ESO	13
2.3. LATÍN I e II	13
2.4. GREGO I e II	15
3. Concreción dos obxectivos, contidos de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.	
CULTURA CLÁSICA 3º ESO	15
LATÍN 4º ESO	18
LATÍN I	22
LATÍN II	26
GREGO I e II	30
4. Grao mínimo de consecución para superar a materia.	
4.1. CULTURA CLÁSICA	31
4.2. LATÍN 4º ESO	31
4.3. LATÍN I	31
4.4. LATÍN II	32
4.5. GREGO I	33
4.6. GREGO II	33
5. Secuenciación e temporalización das unidades didácticas	
5.1. CULTURA CLÁSICA	36
5.2. LATÍN 4º ESO	41
5.3. LATÍN I	49
5.4. LATÍN II	94
5.5. GREGO I	103
5.6. GREGO II	115
6. Materiais e recursos didácticos	
6.1. CULTURA CLÁSICA	125
6.2. LATÍN 4º	125
6.3. LATÍN I	125

6.4. LATÍN II	125
6.5. GREGO I	125
6.6. GREGO II	125
7. Concrecións metodolóxicas	
7.1.CULTURA CLÁSICA	125
7.2.LATÍN 4º ESO	126
7.3. LATÍN I	126
7.4. LATÍN II	126
7.5. GREGO I	126
7.6. GREGO II	126
8. Avaliación	
8,1. CULTURA CLÁSICA	126
8,2. LATÍN 4º ESO	126
8.3 LATÍN I	126
8.4. LATÍN II	126
8,5. GREGO I	126
8.6. GREGO II	126
9. Recuperación	126
10. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	128
11. Medidas de atención á diversidade	128
12. Elementos transversais	128
13. Contribución do departamento ao Proxecto lector	129
14. Contribución do departamento ao Plan TIC.	130
15. Contribución do departamento ao Plan de Convivencia.	131
16. Actividades complementarias e extraescolares.	131
17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	131
18. Anexo	131

0. O departamento imparte as materias de Latín 4º ESO, Latín I de 1º BACH e Latín II de 2º BACH, así coma o Grego I de 1ª BACH e Grego II de 2º de BACH.

A materia de Cultura clásica de 3º ESO é propiaa este departamento mais será impartida este curso pola profesora **Rosa Ana Carnero Bernal** pertencente ao departamento de Debuxo.

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Cambre é un concello da provincia da Coruña. Está situado ao noroeste de Galicia a 12 km en dirección sueste da capital da provincia. Está composto por 12 parroquias.

O concello sitúase na área metropolitana da Coruña, a uns 10 minutos do aeroporto da cidade da Coruña, no veciño municipio de Culleredo, e a 15 do porto da mesma cidade. Así mesmo, o Camiño inglés, cuxo recorrido abarca desde o norte da provincia a Santiago de Compostela, atravesa o municipio.

Aínda sendo un municipio relativamente pouco extenso, posúe dúas zonas ben diferenciadas: por un lado, as parroquias máis próximas á cidade, principalmente a do Temple e a propia parroquia de Cambre que foron adquirindo un aspecto urbano durante as tres últimas décadas. Por outro, nas parroquias situadas ao sur a paisaxe continúa sendo rural.

Existen moitas vivendas de tipo residencial e urbanizacións, e algunhas das industrias da zona coruñesa están instaladas dentro do seu termo municipal, o que o converte nun concello próspero. Cara o sur do mesmo predominan as explotacións agrícolas e gandeiras, destacando as de kiwis e as granxas de visóns.


ETIMOLOXÍA

Segundo o *Diccionario etimológico de pueblos y apellidos de España*,³ escrito por Julián Aydillo San Martín, o nome de Cambre derivaría de Cambra, que viría a indicar que neste territorio existían varios muíños de río. Esta obra, a su vez, se remite a la obra de Pascual Madoz, *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*.

ZONAS DE INTERESE



- A Igrexa de Santa María, monumento histórico-nacional del século XII-XIII.



- A Vila romana, convertida actualmente nun pequeno museo arqueolóxico.



- Un tramo do *Camiño inglés* a Santiago
- Paisaxes que se estenden entre Cecebre e Bribes, cuxas tupidas fragas inspiraron ao escritor e periodista coruñés Wenceslao Fernández Flórez a escribir a famosa novela *El bosque animado* (1943), que inspirou tamén a película de animación de título homónimo en 2001.



- Casa Museo do escritor Wenceslao Fernández Flórez, coñecida como *Villa Florentina*, situada en San Salvador de Cecebre, Apeadeiro nº14, que funciona como centro de documentación da vida e obra do escritor.



- O embalse de Cecebre (pantano), construído en 1975 na confluencia del río Mero e río Barcés.



- Ponte medieval de O Burgo, que une Cambre co municipio de Culleredo sobre a Ría do Burgo. Construído polos cabaleiros templarios entre os séculos XIII e XIV para que os peregrinos do Camiño Inglés a Santiago gozaran de seguridade na súa viaxe e á vez para beneficiarse do cobro de impostos aos mercadores que o atravesasen.



- O Pazo de Cela, de estilo barroco, na parroquia de San Xulián de Cela.



CULTURA CLÁSICA 3º ESO

O departamento de Linguas clásicas é unipersoal, sendo eu a súa única compoñente.

Así pois, son eu a que realizo a tarefa de ensinar 5 das 6 materias (*cursos –materia*) da que se compón este curso 21 - 22.

A materia de Cultura clásica de 3º ESO vai este curso como afín do departamento de Debuxo.

*Dado o perfil da profesora, sería moi interesante tanto para o desenvolvemento da materia coma para o interese do alumnado **facen todo tipo de traballo manual que teña que ver co currículo da mesma.***

2. Contribución ás competencias clave.

CL Comunicación lingüística

CD Competencia dixital

CA Aprender a aprender

CS Competencias sociais e cívicas

CI Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

CC Conciencia e expresións culturais

CL Comunicación lingüística

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos nun gran número de modalidades, formatos e soportes. Representa unha vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural, que implica un factor de enriquecemento para a propia competencia e que adquire unha particular relevancia no caso das linguas estranxeiras. Por tanto, un enfoque intercultural no ensino e aprendizaxe das linguas supoñe unha importante contribución ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística do alumnado.

Para o adecuado desenvolvemento de esta competencia resulta necesario abordar a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para isto, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- 1) A compoñente lingüística comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.
- 2) A compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que fai referencia ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- 3) A compoñente estratéxica permite ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimedia e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; así mesmo, tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, meta cognitivo e socio afectivo que o individuo emprega para se comunicar eficazmente, aspectos fundamentais.
- 4) A compoñente persoal que intervéen na interacción comunicativa en tres dimensións: a

actitude, a motivación e os riscos da personalidade.

A porcentaxe dedicada á Competencia en comunicación lingüística na materia de CULTURA CLÁSICA (3º ESO) é dun 20 %.

CD Competencia dixital

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e comunicación para acadar os obxectivos relacionados co traballo, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e a participación a sociedade.

Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente en nun entorno dixital.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar:

- 1) A información: isto leva a comprensión de como se xestiona a información e de como se pon a disposición dos usuarios, así como o coñecemento e manexo de diferentes motores de busca e bases de datos, sabendo elixir aqueles que responden mellor ás propias necesidades da información.
- 2) Saber transformar a información en coñecemento a través da selección apropiada de diferentes opcións de almacenamento.
- 3) A CD implica saber que recursos poden compartirse publicamente e o valor que teñen, é dicir, coñecer de que maneira as tecnoloxías e os medios de comunicación poden permitir diferentes formas de participación e colaboración para a creación de contidos que produzan un beneficio común. Isto supón o coñecemento de cuestións éticas como a identidade dixital e as normas de interacción dixital.
- 4) A creación de contidos: implica saber como os contidos dixitais poden realizarse en diversos formatos (texto, escoita, vídeo, imaxes), así como identificar os programas/aplicacións que mellor se adaptan ao tipo de contido que se quere crear.
- 5) A seguridade: implica coñecer os distintos riscos asociados ao uso das tecnoloxías e dos recursos en liña e as estratexias actuais para evitalos, o que supón identificar os comportamentos adecuados no ámbito dixital para protexer a información, propia e doutras persoas, así como coñecer os aspectos de adicción das tecnoloxías.

A porcentaxe dedicada á Competencia dixital na materia de CULTURA CLÁSICA é dun 10 %.

CA Aprender a aprender.

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e

informais. Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar e organizar a aprendizaxe, e persistir nela. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para auto motivarse por aprender

En segundo lugar, en canto á organización e xestión da aprendizaxe, a competencia de aprender a aprender require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e ás demandas das tarefas e actividades que conducen á aprendizaxe. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis efectiva e autónoma.

Para o adecuado desenvolvemento do sentido da iniciativa e espírito emprendedor, resulta necesario abordar:

- A autoconciencia que ten acerca do que sabe e descoñece, do que é quen de aprender, do que lle interesa, etc.
- O coñecemento da disciplina na que se localiza a tarefa de aprendizaxe e o coñecemento do contido concreto e as demandas da propia tarefa.
- O coñecemento sobre as distintas estratexias posibles para afrontar a tarefa.

A motivación e a autoestima son cruciais para a adquisición desta competencia. Ambas se potencian desde a formulación de metas realistas a curto, medio e longo prazo. Ao se acadar as metas aumenta a percepción de autoeficacia e confianza, e con iso elévanse os obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva.

A porcentaxe dedicada á Competencia de aprender a aprender na materia de CULTURA CLÁSICA é dun 10 %.

CS Competencias sociais e cívicas.

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e capacidade para empregar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade –entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante y complexa–, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados.

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo.

Esixe entender o modo en que as persoas poden procurarse un estado de saúde física e mental óptimos, tanto para elas mesmas como para as súas familias e para o seu entorno social próximo, e saber como un estilo de vida saudable pode contribuír a isto.

b) A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís, así como da súa formulación no Estatuto de Galiza, a Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea

e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte das diversas institucións a escala local, autonómica, nacional, europea e internacional.

Engloba, tamén a comprensión dos procesos sociais e culturais de carácter migratorio que implican a existencia de minorías culturais e sociedades híbridas nun mundo globalizado.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias, é necesario comprender e entender as experiencias colectivas e a organización e funcionamento do pasado e presente das sociedades, a realidade social do mundo no que se vive, os seus conflitos e as motivacións destes, os elementos que son comúns e os que son diferentes, así como os espazos e territorios nos que se desenvolve a vida dos grupos humanos, e seus logros e problemas, para se comprometer persoal e colectivamente na súa mellora, e así participase de forma activa, eficaz e construtiva na vida social e profesional.

Adquirir estas competencias supón ser capaz de se poñer no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros; é dicir, axuntar o individual e o social, o privado e o público en pos de solucións construtivas dos conflitos e problemas da sociedade democrática.

Así mesmo, estas competencias incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir nunha sociedade cada vez máis plural, dinámica, cambiante e complexa para se relacionar cos demais; cooperar, comprometerse e afrontar os conflitos e propoñer activamente perspectivas de afrontamento, así como tomar perspectiva, desenvolver a percepción do individuo en relación á súa capacidade para influír no social e elaborar argumentacións baseadas en evidencias.

A porcentaxe dedicada ás Competencias sociais e cívicas na materia de CULTURA CLÁSICA é dun 10 %

CI Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral nos que se desenvolven as persoas, permitíndolles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades.

Constitúe, igualmente, o cimento doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor resulta necesario abordar:

- a) A capacidade creadora e de innovación: creatividade e imaxinación; auto coñecemento e autoestima; autonomía e independencia; interese e esforzo;

espírito emprendedor; iniciativa e innovación.

- b) A capacidade de planificación, organización, xestión e toma de decisións; habilidade para traballar tanto individualmente como de xeito colaborador dentro dun equipo; sentido da responsabilidade.
- c) Sentido crítico e da responsabilidade: sentido e pensamento crítico; sentido da responsabilidade.

A porcentaxe dedicada á Competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor na materia de CULTURA CLÁSICA é dun 5%

CEC Conciencia e expresións culturais

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos e da Humanidade.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión culturais resulta necesario abordar:

- a) O coñecemento, estudo e comprensión tanto dos distintos estilos e xéneros artísticos como das principais obras e producións do patrimonio cultural e artístico en distintos períodos históricos, as súas características e as súas relacións coa sociedade na que se crean, así como as características das obras de arte producidas, todo iso mediante o contacto coas obras de arte. Está relacionada, igualmente, coa creación da identidade cultural como cidadán dun país.
- b) A aprendizaxe das técnicas e recursos das diferentes linguaxes artísticas e formas de expresión cultural, así como da integración de distintas linguaxes.
- c) O desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias, partindo do recoñecemento do potencial artístico persoal (aptitude/talento). Refírese tamén á capacidade de percibir, comprender e enriquecerse con las producións do mundo da Arte e da cultura.

- d) O interese, aprecio, respecto, disfrute e valoración crítica das obras artísticas e culturais que se producen na sociedade, cun espírito aberto, positivo e solidario.
- e) A promoción da participación na vida e na actividade cultural da sociedade en que se vive, ao longo de toda a vida. Isto leva implícitos comportamentos que favorecen a convivencia social.
- f) O desenvolvemento da capacidade do esforzo, constancia e disciplina como requisitos necesarios para a creación de calquera produción artística de calidade, así como habilidades de cooperación que permitan a realización de traballos.

A porcentaxe dedicada á Conciencia e expresións culturais na materia de CULTURA CLÁSICA é dun 50 %.

LATÍN 4º ESO

2.1.- A porcentaxe dedicada á Competencia en comunicación lingüística na materia de LATÍN 4º ESO é dun 40 %.

2.3.- A porcentaxe dedicada ás Competencias sociais e cívicas na materia de LATÍN 4º ESO é tamén dun 10 %.

3.- A porcentaxe dedicada á Competencia dixital na materia de LATÍN 4º ESO é dun 5 %

4.- A porcentaxe dedicada á Competencia de aprender a aprender na materia de LATÍN 4º ESO é tamén dun 10 %

5.- A porcentaxe dedicada á Competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor na materia de LATÍN 4º ESO é tamén dun 5 %.

6.- A porcentaxe dedicada á Conciencia e expresións culturais na materia de LATÍN 4º ESO é dun 30 %

LATÍN I e II

CL Distinguir entre partes variables e partes invariables das oracións

Comparar estruturas lingüísticas do latín e do galego e o castelán e comprendelas.

Coñecer a orixe das linguas propias da nosa Comunidade e a súa evolución.

Comparar estruturas lingüísticas do latín e do galego e o castelán e comprendelas.

Recoñecer o latín vulgar como base das linguas galega e castelá.

Reforzar os coñecementos etimolóxicos das dúas linguas cooficiais de Galicia.

Recoñecer o tempo verbal como accidente que expresa nocións de presente, pasado e futuro.

Distinguir entre as voces activa e pasiva en latín e o tipo de relación que expresan.

Distinguir entre palabras patrimoniais e cultismos.

Analizar determinadas evolucións fonéticas da lingua.

Identificar o valor que proporcionan os substantivos ás palabras ás que se incorporan.

CC Comprender textos latinos orixinais para extraer información sobre o seu contido.

Coñecer as principais obras e autores da literatura latina.

Relacionar imaxes cos conceptos que ilustran.

Ler textos sobre cultura, historia e mitoloxía latinas.

Contextualizar un texto en relación coa cultura que o produciu.

Valorar a literatura mediante a lectura de fragmentos adaptados de autores latinos.

Relacionar obras de arte cos episodios da historia de Roma nos que se inspiraron.

Valorar as obras da arte romana e a súa supervivencia ata a actualidade.

Describir as convencións coas que se representaba unha figura de máxima importancia histórica.

Valorar fragmentos da literatura romana pertencentes a diversos xéneros e tipoloxías.

CI Analizar morfoloxicamente nomes, adxectivos e verbos, identificando a información que nos aportan.

Aplicar correctamente os adxectivos adecuados ás situacións.

CA Estimular a reflexión sobre as linguas propias e, por extensión, sobre o funcionamento de calquera sistema lingüístico.

Coñecer a orixe das linguas propias da Comunidade, galego e castelán, e a súa evolución.

Reforzar os coñecementos etimolóxicos de ambas linguas cooficiais

Realizar de traballo autónomo e autorregulado.

Analizar e interpretar esquemas, valorando a información que aportan.

CS. Analizar o fenómeno da diglosia no latín e establecer un paralelismo con situacións similares na nosa sociedade.

Distinguir as distintas formas de goberno e caracterizalas.

Comentar o comportamento de figuras históricas da Antigüidade e relacionalo cos comportamentos actuais.

Analizar unha sociedade escravista en relación cunha sociedade que parte da igualdade xurídica entre as persoas

Acercarse de forma global á civilización romana, estreitamente vinculada á nosa pero ao mesmo tempo enmarcada nun espazo temporal cerrado e finito, para construír un modelo de análise da realidade

Analizar a supervivencia romana nas formas da vida cotiá e de relación cos outros

Relacionar espazos da cidade co tipo de actividade que se desenvolvía neles

CD. Realizar traballos para comprender e ampliar os coñecementos sobre o mundo clásico nos que se apliquen técnicas de análise, síntese e comentario, e que precisen a busca de información en distintas fontes, directas o consultadas mediante o uso das TIC.

GREGO I e II

CL. Entender e contextualizar correctamente un texto.

Expresarse e escoitar nun debate.

Adquirir vocabulario culto.

Entender as bases da lingua grega en relación coa lingua propia da Comunidade Autónoma

CD. Buscar información utilizando as TIC.

CS. Explicar a estrutura social e política da antigüidade.

CC. Relacionar a cultura e a arte grecorromanos coa nosa propia cultura.

Explicar os principais feitos da antigüidade.

Valorar e respectar o patrimonio arqueolóxico.

CA. Aprender a aprender dun xeito autónomo e eficaz.

3. Concreción dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

CULTURA CLÁSICA

a) Localizar nun mapa fitos xeográficos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.

a.1. Identifica e describir a grandes riscos o marco xeográfico no que se desenvolven as culturas de Grecia e Roma no momento do seu apoxeo.

a.2. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes para comprender as circunstancias que dan lugar ao apoxeo das civilizacións grega e romana e explica os factores principais que xustifican esta relevancia.

B. Identificar algúns fitos esenciais na historia de Grecia e Roma e coñecer as súas

repercusións.

b.1. Describe os principais fitos da historia de Grecia e Roma, identificando as circunstancias que os orixinan, os principais actores e as súas consecuencias, e mostrando con exemplos o seu impacto na nosa historia.

C. Identificar e describir o marco histórico no que se desenvolve a cultura de Grecia e Roma.

c.1. Distingue, a grandes riscos, as diferentes etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando os principais fitos asociados a cada unha delas.

c.2. Establece relacións entre determinados fitos de la historia de Grecia e Roma e outros asociados a outras culturas.

c.3. Sitúa dentro de un eixe cronolóxico o marco histórico no que se se desenvolven as civilizacións grega e romana, identificando as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións anteriores e posteriores.

D. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.

d.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina as / os principais deusas e deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os riscos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.

E. Coñecer os mitos e heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e heroes antigos e actuais.

e.1. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da Antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.

e.2. Compara os heroes da mitoloxía clásica cos actuais, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre uns e outros e asociándoas a outros riscos culturais propios de cada época.

F. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.

f.1. Recoñece en imaxes as características esenciais da arquitectura grega e romana identificando razoadamente mediante elementos visibles a orde arquitectónica á que pertencen os monumentos máis significativos.

f.2. Recoñece en imaxes as esculturas gregas e romanas máis célebres encadrándoas nun período histórico e identificando nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.

f.3. Describe as características e explica a función das principais obras arquitectónicas da arte grega (templos, teatros, anfiteatros, circos, pontes, acuedutos..), ilustrando con exemplos a súa influencia en modelos posteriores.

f.4. Coñecer algúns dos monumentos clásicos máis importantes del patrimonio español e galego.

f.5. Localiza nun mapa e describe os monumentos clásicos máis significativos que forman parte do patrimonio do que foron Hispania, en xeral, e Gallaecia en particular, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e cronoloxía aproximada.

G. Coñecer as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico establecendo semellanzas y diferenzas entre elas.

g.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica describindo, dentro de cada un deles, a forma de distribución y exercicio do poder, as institucións existentes, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.

g.2. Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma e a súa supervivencia na sociedade actual.

g.3. Describe a organización da sociedade grega e romana, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis atribuídos a cada unha delas, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.

H. Coñecer a composición da familia e os roles asignados aos seus membros.

h.1. Identifica e explica os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais comparándoos cos actuais.

I. Identificar as principais formas de traballo e de ocio existentes na antigüidade.

i.1. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.

i.2. Describe las principais formas de ocio das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.

i.3. Explica a orixe e natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época.

K. Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura e distinguilas entre si. 1.1. Recoñece, diferentes tipos de escritura, clasificándoos conforme á súa natureza, e explicando algúns dos riscos que distinguen uns doutros.

L. Distinguir distintos tipos de alfabetos usados na actualidade.

l.1. Nomea e describe os riscos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos de outros tipos de escrituras.

M. Coñecer a orixe común das diferentes linguas.

m.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.

N. Comprender a orixe común das linguas romances.

n.1. Describe a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico, explicando e ilustrando con exemplos os elementos que evidencian de maneira máis visible a súa orixe común e o parentesco existente entre elas.

O. Identificar as linguas romances e non romances da Península Ibérica e localizalas nun mapa.

o.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances e delimitando nun mapa as zonas nas que son empregadas.

Q. Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatina na propia lingua e sinalara súa relación coas palabras latinas ou gregas orixinarias.

q.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, explicando o seu significado a partir do termo de orixe.

q.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e análise etimolóxica das súas partes.

q.3. Explica o significado dalgúns termos científico-técnicos de orixe grecolatina partindo do significado das palabras latinas ou gregas das que proceden.

R. Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.

r.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que teñan chegado até a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e outra época mediante exemplos.

S. Coñecer a superpervivencia da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.

s.1. Amona a superpervivencia da mitoloxía e los temas lendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas en las que están presentes estes motivos.

LATÍN 4º

1. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasifícalas e localízalas nun mapa.

1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e sinalando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.

1.2. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances e delimitando nun mapa as zonas nas que se empregan.

2. Poder traducir étimos latinos transparentes.

2.1. Traduce do latín as palabras transparentes servíndose do repertorio léxico que coñece tanto na propia lingua coma noutras linguas modernas.

3. Recoñecer e explicar o significado dalgun dos latinismos máis frecuentes empregados no léxico das linguas faladas en España, explicando o seu significado a partir do termo de orixe.

3.1. Deduce o significado de palabras tomadas das distintas linguas de España a partir dos étimos latinos.

4. Identificar e distinguir os distintos formantes das palabras.

4.1. Descompón palabras nos seus distintos formantes, servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.

5. Distinguir e clasificar distintos tipos de palabra .

5.1. Distingue palabras variables e invariables explicando os riscos que permiten identificalas definindo criterios para clasificalas.

6. Comprender o concepto de declinación e o de flexión verbal.

6.1. Enuncia correctamente distintos tipos de palabras en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado y clasificándoos segundo a súa categoría declinación.

6.2. Distingue diferentes tipos de palabras a partir do seu enunciado.

7.1. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación e declinalas correctamente.

7.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.

8. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas.

8.1. Identifica as distintas conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.

8.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os diferentes modelos de conjugación.

8.3. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada un dos temas verbais latinos: en voz activa o modo indicativo tanto do tema de presente coma do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o imperfecto, o futuro imperfecto e o perfecto de indicativo, así como el infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.

8.4. Cambia de voz as formas verbais.

8.5. Traduce correctamente ao galego ou ao castelán diferentes formas verbais latinas.

9. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos da lingua latina que permitan a análise e tradución de textos sinxelos.

9.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua latina para realizar a análise e tradución de textos sinxelos.

10. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.

10.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.

11. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos ás linguas galega e castelá de forma adecuada.

11.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal latina, explicando as principais funcións que realizan dentro da oración e ilustrando con exemplos a forma axeitada de traducilos.

12. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.

12.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples identificando as súas características.

13. Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.

13.1. Identifica e relaciona elementos sintácticos de la lingua latina para realizar a análise e tradución de textos sinxelos.

14. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.

14.1. Distingue as diferentes etapas de la historia de Roma, explicando seus riscos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso dunhas a outras.

14.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.

- 14.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando diferentes fontes de información.
- 14.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina explicando, a grandes riscos, as circunstancias nas que teñen lugar e as súas principais consecuencias.
15. Coñecer os riscos fundamentais da organización política e social de Roma.
- 15.1. Describe os riscos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.
- 15.2. Describe a organización da sociedade romana explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas comparándoos cos actuais.
16. Coñecer a composición da familia e os roles asignados aos seus membros.
- 16.1. Identifica e explica os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles estereotipos culturais da época comparándoos cos actuais.
17. Coñecer os principais deuses da mitoloxía.
- 17.1. Identifica os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os riscos que os caracterizan e establecendo relacións entre os deuses máis importantes.
18. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e heroes antigos e os actuais.
- 18.1. Recoñece e ilustra con exemplos a supervivencia do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos.
19. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para se iniciar na interpretación e tradución de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.
- 19.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.
- 19.2. Emprega mecanismos de inferencia para comprender de forma global textos sinxelos.
20. Realizar, ao través dunha lectura comprensiva, a análise e comentario do contido e estrutura de textos clásicos traducidos.
- 20.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta noutras materias.
21. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente, as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos.

21.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras das linguas castelá e galega.

22. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas castelá e galega.

23.1. Identifica a etimoloxía de palabras do léxico común das linguas castelá e galega e explica a partir destas o seu significado .

23.2. Identifica e diferencia cultismos e termos patrimoniais relacionándoos co termo de orixe.

LATÍN I

1. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasifícalas e localízalas nun mapa

1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e sinalando con precisión puntos xeográficos , cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.

1.2. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances e delimitando nun mapa as zonas nas que se empregan.

2. Poder traducir étimos latinos transparentes.

2.1. Traduce do latín as palabras transparentes servíndose do repertorio léxico que coñece tanto na propia lingua coma noutras linguas modernas.

3. Coñecer, identificar e distinguir os distintos formantes das palabras.

3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes.

4. Recoñecer e explicar o significado dalgúns dos latinismos máis frecuentes empregados no léxico das linguas faladas en España, explicando o seu significado a partir do termo de orixe.

4.1. Deduce o significado de palabras tomadas das distintas linguas de España a partir dos étimos latinos.

5. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.

5.1. Recoñece diferentes tipos de escritura, clasificándoos conforme á súa natureza función.

6. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas.

- 6.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinalando as principais adaptacións que se producen en cada una delas.
7. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronunciación en latín.
 - 7.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.
8. Identificar e distinguir os distintos formantes das palabras.
 - 8.1. Descompón palabras nos seus distintos formantes, servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.
9. Distinguir e clasificar distintos tipos de palabra .
 - 9.1. Distingue palabras variables e invariables explicando os riscos que permiten identificalas definindo criterios para clasificalas.
10. Comprender o concepto de declinación e o de flexión verbal.
 - 10.1. Enuncia correctamente distintos tipos de palabras en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado y clasificándoos segundo a súa categoría declinación.
 - 10.2. Distingue diferentes tipos de palabras a partir do seu enunciado.
11. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación e declinalas correctamente.
 - 11.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
12. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas.
 - 12.1. Identifica as distintas conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.
 - 12.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os diferentes modelos de conxugación.
 - 12.3. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada un dos temas verbais latinos: en voz activa o modo indicativo tanto do tema de presente coma do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o imperfecto, o futuro imperfecto e o perfecto de indicativo, así como el infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.
 - 12.4. Cambia de voz as formas verbais.
 - 12.5. Traduce correctamente ao galego ou ao castelán diferentes formas verbais latinas.
13. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos da lingua latina que permitan a análise e tradución de textos sinxelos.
 - 13.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua latina para realizar a análise e tradución de textos sinxelos.

14. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.
 - 14.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.
15. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos ás linguas galega e castelá de forma adecuada.
 - 15.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal latina, explicando as principais funcións que realizan dentro da oración e ilustrando con exemplos a forma axeitada de traducilos.
16. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.
 - 16.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples identificando as súas características.
17. Distinguir as oracións simples das compostas.
 - 17.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferenciándoas das oracións simples.
18. Identificar as construcións de infinitivo nominal.
 - 18.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, construcións de infinitivo nominal, analizándoas e traducíndoas de forma correcta.
19. Identificar, distinguir e traducir de forma correcta as construcións de participio de perfecto concertado máis transparentes.
 - 19.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de participio de perfecto concertado máis transparentes, analizándoas e traducíndoas de forma correcta.
20. Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
 - 20.1. Identifica e relaciona elementos sintácticos de la lingua latina para realizar a análise e tradución de textos sinxelos.
21. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.
 - 21.1. Distingue as diferentes etapas de la historia de Roma, explicando seus riscos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso dunhas a outras.
 - 21.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.
 - 21.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando diferentes fontes de información.

- 21.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina explicando, a grandes riscos, as circunstancias nas que teñen lugar e as súas principais consecuencias.
22. Coñecer os riscos fundamentais da organización política e social de Roma.
- 22.1. Describe os riscos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.
- 22.2. Describe a organización da sociedade romana explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas comparándoos cos actuais.
23. Coñecer a composición da familia e os roles asignados aos seus membros.
- 23.1. Identifica e explica os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles estereotipos culturais da época comparándoos cos actuais.
24. Coñecer os principais deuses da mitoloxía.
- 24.1. Identifica os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os riscos que os caracterizan e establecendo relacións entre os deuses máis importantes.
25. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e heroes antigos e os actuais.
- 25.1. Recoñece e ilustra con exemplos a supervivencia do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos.
26. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para se iniciar na interpretación e tradución de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.
- 26.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.
- 26.2. Emprega mecanismos de inferencia para comprender de forma global textos sinxelos.
27. Realizar, ao través dunha lectura comprensiva, a análise e comentario do contido e estrutura de textos clásicos traducidos.
- 27.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta noutras materias.
- 27.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos localizando o tema principal distinguindo as súas partes.

28. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente, as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos y sufixos.

28.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras das linguas castelá e galega.

28.2. Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, traducíndoos ás linguas castelá e galega.

29. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas castelá e galega.

29.1. Identifica a etimoloxía de palabras do léxico común das linguas castelá e galega e explica a partir destas o seu significado .

29.2. Identifica e diferencia cultismos e termos patrimoniais relacionándoos co termo de orixe.

LATÍN II

1. O latín. Orixe das linguas romance.

Supervivencia de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas:

Termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos.

Identificación de lexemas, sufixos e prefixos latinos usados nas linguas propias da Comunidade autónoma de Galicia: castelán e galego.

Análise dos procesos de evolución desde o latín ás linguas romance.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis

1. Coñecer e distinguir termos patrimoniais e cultismos.

1.1. Recoñece e distingue a partir dun étimo latino termos patrimoniais e cultismos explicando as diferentes evolucións que se producen nun e noutro caso.

1.2. Deduce e explica o significado das palabras das linguas galega e castelá a partir dos étimos latinos dos que proceden.

2. Recoñecer a presenza de latinismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos.

2.1 Recoñece e explica o significado dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas galega e castelá, explicando o seu significado a partir do termo de orixe.

3. Coñecer as regras da evolución fonética do latín e aplicarlas para realizar a evolución das palabras latinas.

3.1. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romance

3.2. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando e explicando as regras fonéticas de evolución.

2. Morfoloxía

- Nominal: Formas menos usuais e irregulares.
- Verbal: Verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: Xerundio e Xerundivo.

A conxugación perifrástica.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis

1. Coñecer as categorías gramaticais.

1.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando os riscos que as distinguen.

2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.

2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos e buscando exemplos de outros termos nos que estean presentes.

3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto clásico e enuncialas.

3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto clásico identificando correctamente os seus formantes e sinalando o seu enunciado.

4. Identificar todas as formas nominais e pronominais.

4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario todo tipo de formas verbais, conxugándoas e sinalando os seus equivalentes en galego e en castelán.

5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais.

5.1. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal e nominal latina para realizar traducións e retroversións.

3. Sintaxe

- Estudo pormenorizado da sintaxe nominal pronominal.
- A oración composta.
- Tipos de oracións e construcións sintácticas.
- Construcións de xerundio, xerundivo e supino.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis

1. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.

1.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, relacionándoas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñece.

2. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: Infinitivo, xerundio e participio.

2.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, traducíndoas correctamente e explicando as funcións que desempeñan.

3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos clásicos.

3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina relacionándoos para traducilos con seus equivalentes en galego e castelán.

4. Literatura romana

Os xéneros literarios.

- A épica: *Virxilio: A Eneida*
- A historiografía: *T. Livio: Ab Urbe Condita*
- A lírica: *Horacio*
- A oratoria: *Cicerón*
- A comedia latina: *Plauto*

Estándares de aprendizaxe avaliáveis

1. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores e obras máis representativas e a súa influencia na literatura posterior.

1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.

2. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria das literaturas e culturas europeas e occidentais.

2.1. Realiza eixes cronolóxicos situando neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.

2.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encadrándoos no seu contexto cultural, citando e explicando as súas obras máis coñecidas.

3. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura.

3.1. Realiza comentarios de textos latinos situándoos no tempo, explicando a súa estrutura, as súas características esenciais e identificando o xénero ao que pertencen.

4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.

4.1. Explora a supervivencia dos xéneros e os temas literarios da tradición latina mediante exemplos na literatura contemporánea.

4.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores contemporáneos e sérvese deles para comprender e

explicar a supervivencia dos xéneros e os temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais.

5. Textos

- Tradución e interpretación de textos clásicos.
- Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos clásicos orixinais.
- Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.
- Identificación das características formais dos textos.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis

1. Realiza a tradución, interpretación e comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos dos autores latinos *Eutropio* e en menor medida *Fedro*.

1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos dos autores antes mencionados para efectuar correctamente a súa tradución.

1.2. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.

2. Utiliza o dicionario e buscar o termo máis apropiado nas linguas galega e castelá para a tradución do texto.

2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, identificando en cada caso o termo máis apropiado nas linguas galega e castelá en función do contexto e do estilo empregado polo autor.

3. Identifica as características formais dos textos.

3.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.

4. Coñece o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.

4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas cos coñecementos adquiridos previamente.

6. Léxico

- Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario e filosófico.
- Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ás linguas romance.
- Palabras patrimoniais e cultismos.
- Expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e literaria.
- Etimoloxía e orixe das palabras das linguas galega e castelá.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis.

1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario e filosófico.

- 1.1. Identifica e explica termos do léxico literario e filosófico, traducíndoos correctamente ás linguas galega e castelá.
- 1.2. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto.
2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas galega e castelá.
 - 2.1. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado das linguas galega e castelá.
 - 2.2. Comprende e explica dun xeito correcto o significado de latinismos e expresións latinas que se incorporaron a diferentes campos semánticos da lingua falada ou que se mantiveron na linguaxe xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, científica e médica.
3. Coñecer as regras de evolución fonética do latín e aplicalas para realizar a evolución das palabras latinas.
 - 3.1. Realiza evolucións de termos latinos ás linguas galega e castelá aplicando as regras fonéticas de evolución.

GREGO I e II

1. Relaciona aspectos da cultura clásica con fenómenos vixentes actualmente, no campo da arte, a política ou o dereito; tamén no ámbito da vida cotiá, o urbanismo, etc. (Competencias clave: CS, CC, CA)
2. Valora criticamente a propia sociedade a partir do coñecemento das súas raíces e da evolución posterior. (CS, CA)
3. Recoñece motivos da mitoloxía clásica en numerosas obras de arte posteriores. (CC)
4. Identifica o marco xeográfico e a evolución histórica de Grecia y Roma. (CS, CC)
5. Sabe situar nun mapa accidentes xeográficos, rexións e cidades. (CS, CD, CA, CC)
6. Recoñece os riscos esenciais da vida cotiá en la antigüidade: organización política e social, relixiosidade, arte, pensamento. (CS, CA)
7. Coñece a mitoloxía clásica e entende a relixiosidade da antigüidade, identificando os deuses e as deusas máis relevantes. (CC)
7. Recoñece motivos da mitoloxía clásica en obras de arte posteriores. (CC)
8. Establece relacións entre os modelos clásicos e as creacións artísticas actuais. (CC)
9. Identifica os monumentos clásicos máis importantes do noso patrimonio. (CS, CC, CA, CD)
10. Relaciona aspectos da cultura clásica con fenómenos vixentes actualmente. (CS, CA,)

11. Valora criticamente a propia sociedade a partir do coñecemento das súas raíces e da evolución posterior. (CS)

4. Grao mínimo de consecución para superar a materia

CULTURA CLÁSICA

Facer unha cantidade mínima de traballos pactados previamente coa profesora: polo menos un por avaliación e fase histórica sobre a que se traballou en cada momento.

LATÍN 4º ESO

Recoñecer prefixos e sufixos latinos dentro das palabras galegas e castelás e sabe explicar o seu significado.

Distinguir entre palabras latinas e as súas derivadas cultas e patrimoniais.

Realizar a análise e tradución de oracións con verbos en presente e imperfecto de IND. en V. Activa e substantivos da 1ª e 2ª decls.

Saber narrar o mito do Xuízo de Paris e a Guerra de Troia.

Saber narra o mito de Edipo Rei

Recoñecer ambos mitos en diferentes obras pictóricas e escultóricas ao longo de toda a Historia (da Arte).

Baseándose no verbo SUM da Lingua latina sabe recoñecer o verbo copulativo nunha oración co verbo “ser” nas linguas galega e castelá.

LATÍN I

1.- Contidos histórico – literarios

Coñecer polo menos dous xéneros literarios importantes da Literatura latina, os seus autores e as súas obras.

Os espectáculos circenses: o Circo e o Anfiteatro

2.- Contidos morfosintácticos

Recoñecer e traducir en oracións de progresiva dificultade oracións con substantivos das cinco declinacións, adxectivos da 1ª e 2ª declinacións e oracións subordinadas de relativo.

Esas mesmas oracións deberán levar incluídas formas verbais dos verbos regulares en voz activa e pasiva.

LATÍN II

Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade 2021 Código: 30

LATÍN II

Suponde que a proba de ABAU cambiará este curso xuño de 2022. Mentres, presento copia do que foi realizado proposto o pasado curso 2020 – 2021:

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos cada unha, das que pode responder un MÁXIMO DE 2. Se responde máis preguntas das permitidas, só serán corrixidas as 2 primeiras .

PREGUNTA 1. Textos e gramática.

Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas as cuestións a el vinculadas:

Os primeiros cónsules de Roma

Hinc consules coeperunt, pro uno rege duo. Fuerunt igitur anno primo expulsis regibus consules Iunius Brutus et Tarquinius Collatinus, maritus Lucretiae. Sed Tarquinius Collatino statim sublata est dignitas; accepto omni patrimonio suo ex urbe migravit et loco ipsius factus est Valerius Publicola consul.

1.1. Traduza o texto (4 puntos).

1.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoila unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto. (1 punto).

PREGUNTA 2. Textos e gramática.

Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas:

Rebelión de gladiadores

In Italia novum bellum subito commotum est. Septuaginta enim et quattuor gladiatores duce Spartaco fugerunt et per Italiam vagantes paene non levius bellum paraverunt. Sexaginta fere milium armatorum exercitum congregaverunt. Victi sunt in Apulia a Licinio Crasso.

2.1. Traduza o texto (4 puntos).

2.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoila unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto (1 punto)

PREGUNTA 3. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas

A aguia, a gata e a porca brava

Aquila in sublimi quercu nidum fecerat; feles cavernam nancta in media pepererat; sus nemoris cultrix fetum ad imam posuerat. Tum fortuitum feles contubernium fraude et scelesta sic evertit malitia.

3.1. Traduza o texto (4 puntos).

3.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoña unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto. (1 punto).

PREGUNTA 4. Literatura e léxico:

4.1. Desenvolva un dos dous temas

4.1.1. Contido de tres dos principais discursos de Cicerón discursos de Cicerón (2,5 puntos). 4.1.2. A poesía lírica de Horacio (2,5 puntos).

4.2. Responda unha das tres cuestións: 4.2.1. Sinale o prefixo de orixe latina e explique que significado achega nas seguintes palabras: "circunvalar", "disfunción", "intramuscular", "posbélico", "suprarrenal" (2,5 puntos).

4.2.2. Explique o significado das seguintes expresións latinas: "a priori", "Deo volente", "ex cathedra", "lapsus linguae", "urbi et orbi" (2,5 puntos).

4.2.3. Explique o significado dos seguintes topónimos de orixe latina: "Armenteira", "Fisterra", "Oleiros", "Poio", "Ribeira" (2,5 puntos).

GREGO I

Coñece e localiza nun mapa as familias lingüísticas indoeuropeas.

Comprende o concepto de enunciado dun substantivo.

Realiza a análise sintáctica e a tradución de oracións sinxelas gregas, que inclúen substantivos ata a 3ª declinación, temas en líquida e verbos en modo indicativo da voz activa. Emprega o vocabulario final do libro

Recoñece en imaxes de toda a Historia da Arte os momentos máis importantes da Civilización minoica e da Ilíada

Fai a análise e a tradución de oracións con pronomes relativos.

GREGO II

Esta foi a proposta da proba de ABAU no curso 20 – 21. Estamos á espera de posibles novas directrices por parte da CIUG.

Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade 2021 Código: 32

GREGO II O exame consta de tres preguntas. Deberá contestar UNHA DAS TRES PREGUNTAS

PREGUNTA 1.

XENOFONTE 1.1. Lea o texto e conteste as cuestións vinculadas ó mesmo

O gregos no Tigris e a próxima cidade de Sítaca

Καὶ ἀφικνοῦνται ἐπὶ τὸν Τίγρητα ποταμόν· πρὸς ᾧ πόλις ἦν μεγάλη καὶ πολυάνθρωπος ἣ ὄνομα Σιττάκη, ἀπέχουσα τοῦ ποταμοῦ σταδίου πεντεκαίδεκα.

NOTAS.- 1. ἀφικνοῦνται, de ἀφικνέομαι.

2. Τίγρης, Τίγρητος, Tigris (río de Mesopotamia).

3. Σιττάκη, -ης, Sítaca (cidade nas beiras doTigris).

1.1.1. Traduza o texto (6 puntos)

1.1.2. Faga unha das seguintes análises: (1 punto) 1.1.2.1. Análise sintáctica de: πρὸς ᾧ πόλις ἦν μεγάλη καὶ πολυάνθρωπος ἣ ὄνομα Σιττάκη.

1.1.2.2. Análise morfolóxica/Análisis morfológico de: ἀφικνοῦνται, ᾧ e ἀπέχουσα.

1.2. Apartados de léxico e literatura:

1.2.1. Cite e explique exemplos de vocabulario actual relacionados con tres das seguintes palabras: ποταμός ‘río’, ὄνομα ‘nome, μέγας ‘grande’, περί ‘arredor, πέντε ‘cinco’ e πόλις ‘cidade (1 punto)

1.2.2. Desenvolva un dos tres temas: (1 punto)

1.2.2.1. Obras de Xenofonte e características do autor.

1.2.2.2. Intervención dos persas na guerra do Peloponeso.

1.2.2.3. Causas da prisión e do xuízo de Sócrates.

1.2.3. Desenvolva un dos catro temas: (1 punto)

1.2.3.1. Cal é o plan de Zeus na Iliada?

1.2.3.2. Diferenzas entre Épica e Lírica

1.2.3.3. Personaxes de Edipo Rei

1.2.3.4. Cuestións principais en As Nubes de Aristófanes

PREGUNTA 2

XENOFONTE 2.1. Lea o texto e conteste as cuestións vinculadas ó mesmo:

Ciro rodea Babilonia

Ἐπεὶ δὲ πρὸς Βαβυλῶνι ἦν ὁ Κῦρος, περιέστησε μὲν πᾶν στράτευμα περὶ τὴν πόλιν, ἔπειτα αὐτὸς περιήλαυε τὴν πόλιν σὺν τοῖς φίλοις.

NOTAS. 1. Βαβυλῶν, -ῶνος Babilonia (cidade de Mesopotamia).

2. περιέστησε, de περίσθημι

3. Κῦρος, -ου *Ciro*.

3. αὐτός ‘el mesmo’ (refírese a *Ciro*).

2.1.1. Traduza o texto (6 puntos)

2.1.2. Faga unha das seguintes análises: (1 punto)

2.1.2.1. Análise sintáctica de: περιέστησε μὲν πᾶν στράτευμα περὶ τὴν πόλιν.

2.1.2.2. Análise morfolóxica de: ἦν, περιέστησε e πόλιν

2.2. Apartados de léxico e literatura:

2.2.1. Cite e explique exemplos de vocabulario actual relacionados con tres das seguintes palabras: ποταμός ‘río’, ὄνομα ‘nome, μέγας ‘grande’, περί ‘arredor, πέντε ‘cinco’ e πόλις ‘cidade/ciudad’ (1 punto)

2.2.2. Desenvolva un dos tres temas: (1 punto)

2.2.2.1. Obras de Xenofonte e características do autor

2.2.2.2. Intervención dos persas na guerra do Peloponeso

2.2.2.3. Causas da prisión e do xuízo de Sócrates.

2.2.3. Desenvolva un dos catro temas: (1 punto)

2.2.3.1. Cal é o plan de Zeus na Πίδα?

2.2.3.2. Diferenzas entre Épica e Lírica.

2.2.3.3. Personaxes de Edipo Rei.

2.2.3.4. Cuestións principais en As Nubes de Aristófanes.

PREGUNTA 3. PLATÓN

3.1. Lea o texto e conteste as cuestións vinculadas ó mesmo:

Derradeiras palabras de Sócrates

Ἦδη οὖν σχεδόν ἦν τὰ περι τὸ ἦτρον ψυχόμενα, καὶ ἐκκαλυψάμενος εἶπεν· «ὦ Κρίτων, τῷ Ἀσκληπιῷ ὀφείλομεν ἀλεκτρούνα· ἀλλὰ ἀπόδοτε καὶ μὴ ἀμελήσητε».

NOTAS.- 1. τὰ περι τὸ ἦτρον, ‘a zona que rodea o ventre

2. ψυχόμενα, de ψύχω ‘enfriar’.

3. ἐκκαλυψάμενος, de ἐκκαλύπτω ‘destapar’.

4. εἶπεν, de λέγω (o suxeito, elíptico, é Sócrates

5. Κρίτων, -ωνος, Critón (discípulo de Sócrates).

6. Ἀσκληπιός, -οῦ, Asclepio (deus da medicina/dios de la medicina).

7. ἀπόδοτε, de ἀποδίδωμι.

3.1.1. Traduza o texto (6 puntos)

3.1.2. Faga unha das seguintes análises (1 punto)

3.1.2.1. Análise sintáctica / Análisis sintáctico de: Ἦδη οὖν σχεδόν ἦν τὰ περι τὸ ἦτρον ψυχόμενα ... εἶπεν

3.1.2.2. Análise morfolóxica de: ψυχόμενα, εἶπεν e ἀπόδοτε.

3.2. Apartados de léxico e literatura

3.2.1. Cite e explique **exemplos de vocabulario actual relacionados con tres** das seguintes palabras: ποταμός ‘río’, ὄνομα ‘nome/nombre’, μέγας ‘grande’, περί ‘arredor/alrededor’, πέντε ‘cinco’ e/y πόλις ‘cidade/ciudad’ (1 punto)

3.2.2. Desenvolva un dos tres temas (1 punto)

3.2.2.1. Obras de Xenofonte e características do autor 3.2.2.2. Intervención dos persas na guerra do Peloponeso.

3.2.2.3. Causas da prisión e do xuízo de Sócrates

3.2.3. Desenvolva un dos catro temas: (1 punto)

3.2.3.1. Cal é o plan de Zeus na Ilíada?

3.2.3.2. Diferenzas entre Épica e Lírica

3.2.3.3. Personaxes de Edipo Rei

3.2.3.4. Cuestións principais en As Nubes de Aristófanes

5.Secuenciación e temporalización das unidades didácticas

CULTURA CLÁSICA

1ª Avaliación

1.- Obxectivo: Localizar nun mapa fitos xeográficos relevantes para o coñecemento da civilización grega.

Contidos: Marco xeográfico da Grecia antiga.

Obxectivo: Identificar aspectos esenciais da historia de Grecia.

Contidos: **As civilizacións minoica e micénica e os restos arqueolóxicos e artísticos (Tentativa de realización dunha “copia” dalgún obxecto atopado no palacio de Cnoso ou dalgunha das súas pinturas “ao fresco”)**

2.- Obxectivo: Coñecer as características fundamentais da arte clásica.

Contidos: Atenas: edificios principais e estrutura da cidade.

Orixes da cultura grega. As *poleis*.

3.- Obxectivo: Identificar e describir o marco histórico no que se desenvolve a cultura grega.

Contidos: A cerámica (**Os diferentes tipos**)

(**Tentativa de realización dunha escultura arcaica**)

Orixes míticas de Atenas. As guerras médicas. Pericles.

A democracia ateniense. A pentecontecia. A guerra do Peloponeso

CS: Relacionar actos sociais co lugar onde se realizan

4.- Obxectivo: Coñecer as características e a evolución da sociedade grega.

Contidos: A sociedade ateniense. A sociedade espartana. Leónidas As mulleres en Atenas.

(Tentativa de realización dunha escultura clásica)

Competencias clave:

CS: Reflexionar criticamente sobre a violencia e as guerras.

CS: Comparar criticamente a situación da mulleres na Antigüidade e hoxe en día.

CS: Referir aspectos que conforman unha sociedade concreta.

5.-_Obxectivos: Coñecer e identificar fitos fundamentais da historia de Grecia.

Contidos: Alexandre Magno. Conquistas de Alexandre. Evolución posterior do seu imperio.

(Tentativa de realización dunha escultura helenística)

2ª avaliación

Obxectivo: Coñecer os principais deuses da mitoloxía grega.

Contido: Os deuses olímpicos: caracterización e atributos principais.

Sesión 6

6.- Obxectivo: Identificar formas de relixiosidade da Antigüidade

Contidos: **Os oráculos. Delfos: edificios principais e estrutura do emprazamento.**

(Tentativa de realización dos planos do santuario e vasilla eritromorfa co trípode da Pítia)

O mito de Edipo

Competencias clave:

CM: Relacionar un fenómeno natural cunha crenza relixiosa.

CI: Reflexionar sobre o propio comportamento e o dos demais.

7.- Obxectivo: Identificar as principais formas de ocio da civilización grega.

Contidos: **Os Xogos olímpicos: importancia e evolución das probas. A cerámica que amosa os diferentes xogos (Tentativa de realización de diferentes vasillas, melanomorfas e eritromorfas, amosando os diferentes Xogos)**

Olimpia: edificios principais e a estrutura do seu emprazamento.

Competencias clave: CI: Narrar *como protagonista* un conxunto de accións.

CC: Relacionar probas deportivas con imaxes artísticas.

8.-_Obxectivo: Recoñecer obras clásicas e a súa supervivencia ao longo do tempo.

Contidos: A Ilíada. A guerra de Troia. **O xuízo de Paris.** Aquiles. Héctor.

A representación deste mito ao longo da Historia da Arte.

Historicidade da guerra.

9.- Obxectivo: Recoñecer obras clásicas e a súa supervivencia ao longo do tempo.

Contidos: A Odisea. Percorrido e aventuras de Ulises.

Visualización e comentario na clase da película “Odisea” (Realización das actividades propostas pola guía didáctica)

Competencias clave.

CL: Explicar o significado de palabras.

CS: Comprender os feitos e as circunstancias do mundo actual.

10.-Obxectivo: Identificar las principais formas de ocio existentes na Antigüidade.

Contidos: **O teatro**: orixes e características. Os xéneros: traxedia e comedia.

11.- Obxectivo: Coñecer as características fundamentais da arte grega: arquitectura, escultura e pintura en vasillas.

Contidos: O Partenón (**tentativa de realización en papel / cartón**)

Competencias clave:

CC: Comparar esculturas de diferentes períodos

CC: Extraer información de obras artísticas.

3ª avaliación

12.- Obxectivo: Identificar algúns fitos esenciais na historia de Roma.

Contidos: A fundación de Roma segundo o mito. Eneas. Rómulo e Remo. O rapto das sabinas.

A fundación de Roma na Historia da Arte

13.-_Obxectivo: Describir as características e explicar a función das obras arquitectónicas romanas.

Contidos: Roma: edificios principais e estrutura da cidade. **O foro. (Tentativa de realización de reprodución de maquetas ou papel / cartón).**

14.- Obxectivo: Coñecer as características e evolución da sociedade romana.

Contidos: Estrutura social e política na época republicana. O *cursus honorum*. Estrutura social e política na época do Imperio.

Competencias clave:

CS: Comparar institucións políticas da Antigüidade coas de hoxe en día.

15.- Obxectivos: Coñecer e identificar fitos fundamentais da historia de Roma.

Contidos: As guerras púnicas. Escenario xeográfico das guerras púnicas. Cartago: orixes, expansión e derrota. Aníbal.

CA: Elaborar un resumen das guerras.

16.- Obxectivo: Coñecer e identificar fitos fundamentais da historia de Roma.

Contidos: Os triunviratos. Xulio César e a Guerra das Galias. Mandato como cónsul único. O seu Asasinato.

Tentativa de realización de busto(s) de Xulio César ou dalgún outro emperador posterior en xeso.

Competencias clave:

CS: Coñecer a función dunha institución de goberno.

CA: Elaborar un eixe cronolóxico.

CL: Imaxinar e escribir un diálogo.

17.- Obxectivo: Coñecer as características e a evolución da sociedade romana.

Contidos: Os escravos. Como vivían. Como se convertía alguén en escravo. Traballos que realizaban. Os libertos.

Competencias clave: CS: Reflexionar criticamente sobre a escravitude. CI: Analizar o propio comportamento. CC: Interpretar obras artísticas.

18.- Obxectivo: Identificar as principais formas de ocio da civilización romana.

Contidos: Os anfiteatros. Tipo de espectáculos que acollían. Tipo de gladiadores. A condición de gladiador. O Anfiteatro Máximo (**Tentativa de realización desta obra en papel / cartón**)

Competencias clave: CC: Analizar un monumento da Antigüidade. CL: Identificar o significado de palabras latinas. CS: Reflexionar criticamente sobre a violencia na Antigüidade e hoxe en día.

19.- Obxectivos: Coñecer e identificar fitos fundamentais da historia de Roma.

Contidos: Fundación e historia de Pompeia. A destrución da cidade. Principais restos arqueolóxicos. (**Tentativa de realización de calquera dos elementos atopados na**

cidade, inclusive o volcán ou as beirarrúas. Pinturas murais ou vaciados de xeso dalgún obxecto atopado, tanto unha figura humana coma animal ou ser inanimado)

Competencias clave: CD: Buscar información en distinta fontes. CC: Coñecer o urbanismo e a arte da Antigüidade. CL: Tras ver o correspondente documental elaborar un resumo coas propias palabras.

20.- Obxectivo: Identificar as principais formas de ocio da civilización romana.

Contidos: As termas. Estrutura e instalacións. Función. O abastecemento de auga.

21.- Obxectivo: Coñecer as características da organización política de Roma.

Contidos: A figura do emperador. O emperador como soldado. O carácter sagrado do emperador. Octavio Augusto, o primeiro emperador. emperadores máis destacados.

22.-_Obxectivos: Recoñecer a presenza da civilización romana no territorio español.

Contidos: A expansión romana. A chegada dos romanos a Hispania. **Mérida:**

estrutura e edificios principais. **(Tentativa de realización en papel / cartón do Teatro romano de Mérida ou dalgún dos obxectos que se atopen dentro do Museo de Arte romana- Podería ser tamén a copia do chamado “Mosaico Cosmolóxico” na Casa “do Mitreo”)**

23.- Obxectivo: Coñecer as características da organización social, política e económica da Gallaecia romana: datas da conquista: sistema de goberno e sociedade. **As murallas da antiga LUCUS AUGUSTI.** Principais vestixios arqueolóxicos

Competencias clave: CC: Valorar os vestixios da cultura clásica segundo a súa indumentaria

CS: Comprender as funcións dun cargo administrativo.

24.-_Obxectivo: Identificar a presenza da civilización romana no territorio español.

Contidos: As vías romanas. Construción dunha calzada romana. Rede viaria de Hispania. Os vehículos. Os miliarios.

Competencias clave: CI: Diseñar itinerarios en función dun punto de saída e un de chegada. CC: Determinar as diferenzas entre un mesmo elemento de épocas distintas.

25.-Obxectivo: Coñecer a composición da familia romana e os roles asignados aos seus membros.

Contidos: A familia romana. O *pater familias*. A matrona. A educación dos nenos. O nome dos romanos.

Competencias clave: CS: Reflexionar criticamente sobre a función da

educación e a igualdade de oportunidades. CS: Reflexionar criticamente sobre o papel das mulleres na sociedade. CC: Extraer información de obras de arte.

26.-_Obxectivo: Coñecer as características fundamentais das vivendas romanas.

Contidos: A vivenda romana: *insula, domus, villa*. Estrutura e habitacións dunha *domus*.

(Tentativa de realización de *insulae* en papel / cartón)

LATÍN 4º

UNIDADE 1

Sesión 1

Obxectivos: Coñecer a pronuncia do latín. Identificar a cantidade vocálica en latín e ler textos nesta lingua.

Contidos: Lectura e audición do texto inicial. Alfabeto e fonética da lingua latina.

Actividades: Texto páx. 6: 1, 2

Criterios de avaliación: 2, 3

Estándares de aprendizaxe: 2.1, 3.1

Competencias clave: CL, CC

Sesión 2

Obxectivos: Presentar os aspectos básicos da morfoloxía do substantivo.

Contidos: Morfoloxía do substantivo: xénero, número e caso. Declinacións.

Criterios de avaliación: 1, 2, 3

Estándares de aprendizaxe: 1.1, 2.1, 3.1, 3.2

Competencia clave: CL

Sesións 3, 4

Obxectivos: Declinar correctamente substantivos da primeira declinación.

Contido: A primeira declinación.

Criterio de avaliación: 4

Estándares de aprendizaxe: 4.1

Competencias clave: CL, CI

Sesións 5, 6

Obxectivos: Conxugar e traducir o presente de indicativo do verbo *sum*.

Distinguir as oracións atributivas das predicativas.

Contidos: O presente de indicativo do verbo *sum*. El verbo *sum* en oracións atributivas e predicativas.

Criterios de avaliación: 5, 3

Estándares de aprendizaxe: 5.1, 5.5; 3.1

Competencias clave: CL, CI

Sesións 7, 8

Obxectivos: Coñecer os *accidentes* do verbo latino. Saber conxugar e traducir o presente de indicativo activo.

Contidos: Morfoloxía do verbo: voz, tempo, modo, número e persoa.

O presente de indicativo activo.

Criterio de avaliación: 5

Estándares de aprendizaxe: 5.1, 5.2, 5.3

Competencias clave: CL, CC

Sesión 9: Obxectivos: Coñecer a orixe da lingua latina, así como a expansión e desenvolvemento desta. Identificar léxico patrimonial e cultismos.

Contidos: A lingua latina. O indoeuropeo. Léxico patrimonial e cultismos

Criterios de avaliación: 1, 2

Estándares de aprendizaxe: 1.2 e 2.2

Competencias clave: CL, CI, CD

Sesión 10

Obxectivos: Coñecer a historia mítica da fundación de Roma. Presentar os feitos máis destacados da monarquía romana. Coñecer os aspectos máis relevantes da vida cotiá en Roma

Contidos: A fundación de Roma: o mito e a historia. A Monarquía. Os primeiros anos de vida. Os xoguetes. Os xogos. O nome dos romanos.

Criterios de avaliación: 1, 2, 3

Estándares de aprendizaxe: 1.1; 1.2, 1.4, 2.1, 3.1

Competencias clave: CS, CA, CI

Sesión 11

Obxectivos: Coñecer as principais obras públicas e construcións romanas.

Identificar aspectos da mitoloxía grecolatina.

Contidos: As termas. As deusas

Criterios de avaliación: 2 e 5

Estándares de aprendizaxe: 2.2 ; 5.1

Competencias clave: CS, CC

UNIDADE 2

Sesións 12, 13 e 14

Obxectivos: Declinar correctamente palabras da segunda declinación.

Contidos: Lectura e audición do texto inicial. A segunda declinación.

Criterio de avaliación: 4

Estándar de aprendizaxe: 4.1

Competencias clave: CL, CA

Sesións 15 e 16

Obxectivos: Coñecer as preposicións máis habituais e sabelas traducir no seu contexto.

As preposicións.

Criterio de avaliación: 2

Estándar de aprendizaxe: 2.1

Competencias clave: CL, CA, CS

Sesión 17

Obxectivos: Identificar as principais etapas da historia do latín. Coñecer o significado de palabras formadas con prefixos de orixe latina.

Contidos: Os sistemas de escritura. O latín, lingua con historia. Os prefixos de orixe latina.

Criterios de avaliación: 1, 3

Estándares de aprendizaxe: 1.1 e 3.1

Competencias clave: CL, CS, CI, CD e CA

Sesión 18

Obxectivos: Presentar a etapa republicana da historia de Roma. Coñecer os feitos máis destacados da República romana.

Contido: A República.

Criterios de avaliación: 1, 2

Estándares de aprendizaxe: 1.1, 1.2, 1.4 e 2.1

Competencias clave: CS, CA, CC

Sesión 19

Obxectivos: Coñecer os aspectos máis relevantes da vida cotiá en Roma. Coñecer as principais obras públicas e construcións romanas.

Contidos: A educación. Finalidade. Tipos de escolas. Niveis educativos. Material didáctico.

Os acuedutos.

Criterios de avaliación: 3, 2

Estándar de aprendizaxe: 3.1

Competencias clave: CS, CI, CC

Sesión 20

Obxectivos: Identificar aspectos da mitoloxía grecolatina.

Contidos: As deusas e os deuses.

Criterio de avaliación: 5

Estándar de aprendizaxe: 5.1

Competencia clave: CC

UNIDADE 3

Sesión 21

Obxectivos: Caracterizar os adxectivos da primeira clase.

Contidos: Lectura do texto inicial. Os adxectivos da primeira clase.

Criterio de avaliación: 4

Estándar de aprendizaxe: 4.1

Competencias clave: CL, CS

Sesión 22

Obxectivo: Establecer a concordancia do adxectivo.

Contido: A concordancia do adxectivo

Criterio de avaliación: 4

Estándar de aprendizaxe: 4.1

Competencias clave: CL, CA

Sesións 23 e 24

Obxectivo: Coñecer o paradigma do imperfecto de indicativo activo.

Contido: O imperfecto de indicativo activo.

Criterio de avaliación: 5

Estándar de aprendizaxe: 5.3

Competencias clave: CL, CS, CC

Sesión 25

Obxectivo: Identificar a orde das palabras nas estruturas latinas.

Contido: A orde das palabras na oración.

Criterios de avaliación: 1, 2, 7

Estándares de aprendizaxe: 1.1, 2.1, 7.1

Competencia clave: CL

Sesión 26

Obxectivo: Recoñecer os complementos de lugar.

Contido: Os complementos de lugar (1).

Criterio de avaliación: 2

Estándar de aprendizaxe: 2.1

Competencias clave: CL, CS

Sesión 27

Obxectivos: Coñecer as maxistraturas e as institucións da República.

Contidos: Maxistraturas e institucións da República.

Criterios de avaliación: 1, 2

Estándares de aprendizaxe: 1.1, 1.2, 2.1, 2.2

Competencias clave: CS, CI, CA

Sesión 28

Obxectivos: Coñecer os aspectos máis relevantes da vida cotiá en Roma.

Coñecer as principais obras públicas e construcións romanas.

Contidos: A alimentación: ingredientes, conservación dos alimentos, comidas, frugalidade dos pobres, innovación gastronómica. **Os teatros.**

Criterios de avaliación: 3, 2

Estándares de aprendizaxe: 3.1; 2.2

Competencias clave: CS, CI

Sesión 29

Obxectivos: Identificar aspectos da mitoloxía grecolatina.

Contido: A casa de Micenas.

Criterio de avaliación: 5

Estándar de aprendizaxe: 5.1

Competencia clave: CC

Sesión 30

Obxectivos: Recoñecer características dos xéneros da literatura romana.

Contidos: A épica e a comedia.

Criterio de avaliación: 5

Estándar de aprendizaxe: 5.1

Competencia clave: CC

UNIDADE 4

Sesións 31, 32, 33

Obxectivos: Coñecer e identificar os temas da terceira declinación en consoante e en –i.

Contidos: Lectura do texto inicial. A terceira declinación (1).

Criterios de avaliación: 4, 1, 2

Competencias clave: CL, CC, CS

Criterios de avaliación: 7

Estándares de aprendizaxe: 7.1

Competencias clave: CL

Sesión 34

Obxectivos: Reflexionar sobre a situación das linguas románicas na actualidade. Coñecer o significado de determinados radicais latinos.

Contidos: As linguas románicas na actualidade (1). Os radicais latinos (2).

Criterios de avaliación: 1, 2, 3

Estándares de aprendizaxe avaliáveis: 1.1; 1.2; 2.2; 3.1

Competencias clave: CL, CI

Sesión 35

Obxectivos: Presentar os acontecementos históricos máis importantes da República romana. Coñecer a figura de Xulio César e os acontecementos da súa época.

Contidos: A fin da República.

Criterios de avaliación: 1, 2

Estándares de aprendizaxe: 1.1; 1.2; 1.3; 1.4 e 2.1

Competencias clave: CS, CI, CA, CC

Sesión 36

Obxectivos: Coñecer os aspectos máis relevantes da vida cotiá en Roma. Coñecer as principais obras públicas e construcións romanas.

Contidos: O vestido.

Os anfiteatros.

Criterios de avaliación: 2

Estándares de aprendizaxe: 2.2

Competencias clave: CS, CI

Sesión 37

Criterio de avaliación: Identificar aspectos da mitoloxía grecolatina.

Contido: Perseo, a cabeza de Medusa e Andrómeda

Criterios de avaliación: 5

Estándar de aprendizaxe: 5.1

Competencia clave: CC

UNIDADE 5

Sesión 38

Obxectivos: Presentar as grandes figuras do Alto Imperio e coñecer as características do seu sistema político.

Contidos: O Alto Imperio.

Criterio de avaliación: 1

Estándares de aprendizaxe: 1.1, 1.2, 1.4

Competencias clave: CS, CD, CA, CI

Sesión 39

Obxectivos: Coñecer os aspectos máis relevantes da vida cotiá en Roma. Coñecer as principais obras públicas e construcións romanas.

Contidos: Os gladiadores. Os circos.

Criterio de avaliación: 2

Estándar de aprendizaxe: 2.2

Competencias clave CS, CI

Sesión 40

Obxectivos: Identificar aspectos da mitoloxía grecolatina.

Contidos: A casa de Tebas.

Criterio de avaliación: 5

Estándar de aprendizaxe: 5.1

Competencia clave: CC

Sesión 41

Obxectivos: Analizar as características máis importantes do Baixo Imperio; coñecer cales foron os emperadores máis importantes e a evolución histórica do período.

Contidos: O Baixo Imperio.

Criterios de avaliación: 1, 2

Estándares de aprendizaxe: 1.1; 1.2; 1.3; 1.4; 2.1

Competencias clave: CS, CA, CC

Sesión 42

Obxectivos: Coñecer os aspectos máis relevantes da vida cotiá no mundo romano.

Contidos: As aldeas galaico romanas (A cultura castrexa)

Criterios de avaliación: 2

Estándar de aprendizaxe: 2.2

Competencias clave: CS, CI, CD

Sesión 43

Obxectivos: Identificar aspectos da mitoloxía grecolatina.

Contidos: As aventuras de Ulises.

Criterio de avaliación: 5

Estándar de aprendizaxe: 5.1

Competencia clave: CC

Sesión 44

Obxectivos: Recoñecer as principais características dos xéneros da literatura romana.

Contidos: Riscos da oratoria e a lírica

Criterios de avaliación: 2

Estándar de aprendizaxe: 2.1

Competencia clave: CC

UNIDADE 6

Sesión 45

Obxectivos: Presentar as clases sociais en Roma e as características de cada unha delas.

Contidos: As clases sociais.

Actividades: páx. 184: 1 a 5

Bloque: 5

Criterio de avaliación: 2

Estándar de aprendizaxe: 2.2

Competencias clave CS, CC

Sesión 46

Obxectivos: Coñecer os aspectos básicos de la vida familiar en Roma. Coñecer as principais obras públicas e construcións romanas

Contidos: A muller e a vida familiar.

Os arcos de triunfo.

Actividades: páx. 187: 6 a 9 // páx. 188: 10 e 11

Bloque: 5

Criterios de avaliación: 3, 2

Estándares de aprendizaxe: 3.1; 2.1; 2.2

Competencias clave: CS, CC, CD, CI

Sesión 47

Obxectivos: Identificar aspectos da mitoloxía grecolatina.

Contidos: Xasón e os argonautas.

Actividades: páx. 192: 1 e 2 // páx. 193: 3

Bloque: 5

Criterio de avaliación: 5

Estándar de aprendizaxe: 5.1

Competencia clave: CC

LATÍN I

UNIDADE 1

Sesións 1 e 2

Obxectivos: Coñecer as particularidades dos nomes da terceira declinación.

Traducir do latín ao galego e / ou ao castelán.

Contidos: A terceira declinación: *nomes parisílabos e nomes imparisílabos*.

Actividades de aprendizaxe: Clasificación dos nomes imparisílabos.

Clasificación de nomes segundo sexan parisílabos o imparisílabos.

Identificación da terminación de palabras e tradución de termos.

Declinación de palabras e tradución de oracións do latín ao galego e / ou ao castelán

Estándares de aprendizaxe: 4.1

Sesións 3 e 4

Obxectivos: Conxugar verbos en imperfecto de indicativo. Traducilos do latín ao galego e / ou ao castelán

Contidos: O imperfecto de indicativo.

Formación do imperfecto de indicativo das cinco conxugacións e do verbo sum

Actividades de aprendizaxe:

Análise de formas verbais.

Tradución de oracións do latín ao galego e / ou ao castelán.

Estándares de aprendizaxe: 5.1; 5.2; 5.3; 5.4; 5.5; 5.6; 5.7

Sesión 5

Obxectivos: Recoñecer os dativos posesivos.

Identificar os adxectivos substantivados.

Contidos: O dativo posesivo.

Os adxectivos substantivados.

Actividades de aprendizaxe: Identificación de adxectivos substantivados.

Tradución de oracións do latín ao castelán e / ou ao galego.

Sesións 6.

Obxectivos: Coñecer o desenvolvemento da escritura: pictogramas, ideogramas fonética.

Contidos: O desenvolvemento da escritura.

O alfabeto latino primitivo.

O alfabeto latino na época clásica.

Actividades de aprendizaxe: Identificación de pictogramas da actualidade.

Escritura de palabras segundo a escritura lineal B.

Interpretación das letras dunha inscrición latina.

UNIDADE 2

Sesións 7 e 8

Obxectivos: Coñecer as particularidades dos substantivos da terceira declinación.

Traducir do latín ao galego e ao castelán.

Contidos: A terceira declinación: temas en vogal, temas mixtos e substantivos irregulares.

Actividades de aprendizaxe: Declinación de substantivos da terceira declinación.

Identificación de substantivos da terceira declinación.

Tradución de oracións do latín ao galego e / ou ao castelán.

Estándares de aprendizaxe: 3.1, 3.2

Sesións 9 e 10

Obxectivos: Conxugar verbos en futuro imperfecto de indicativo. Traducir do latín ao galego e ao castelán.

Contidos: O futuro imperfecto de indicativo.

Actividades de aprendizaxe: Clasificación de formas verbais segundo sexan presente, imperfecto ou futuro de indicativo.

Conxugación de verbos en futuro imperfecto de indicativo activo.

Tradución de oracións do latín ao galego e / ou ao castelán.

Recoñecer en textos e imaxes información e vocabulario sobre o mundo cotián e mitolóxico relativo ao tema do mar e a cultura minoica.

Identificar as pegadas na cultura occidental.

Elaborar un traballo sobre o tema

Contidos:

Creta e a cultura minoica.

Posidón

Actividades

Ler e comentar textos traducidos de autores clásicos alusivos ao tema do mar no mundo cotián e mitolóxico.

Observar e interpretar imaxes artísticas gregas sobre o mar e a civilización cretense.

Identificar as pegadas da cultura grega en textos e obras de arte de todos os tempos e elabora un traballo.

Sesión 23

Obxectivos:

Recoñecer en textos e imaxes información e vocabulario sobre o mundo cotián e mitolóxico relativo ao tema da morte e a cultura micénica.

Identificar as pegadas na cultura occidental.

Contidos: Micenas e a cultura micénica

Hades

Actividades:

Ler e comentar textos traducidos de autores clásicos alusivos ao tema da morte no mundo cotián e mitolóxico.

Observa e interpreta imaxes artísticas gregas sobre a morte e a civilización micénica.

Identificar as pegadas da cultura grega en textos e obras de arte de todos os tempos e elabora un traballo.

UNIDADE 3: SISTEMA NOMINAL E VERBAL II

Sesión 25 e 26

Obxectivos:

Recoñecer formas de pronomes persoais en frases sinxelas, analízalas morfoloxicamente e traducilas.

Contido: Os pronomes persoais

Actividades:

Recoñece diversas formas dos pronomes persoais e analízalas morfoloxicamente.

Facer a análise sintáctica e traducir directa ou inversamente frases sinxelas con eles e deducir helenismos.

Sesións 27 e 28

Obxectivos:

Comprender o concepto de dobre acusativo e recoñecer os verbos que necesitan dous acusativos para expresar o seu significado.

Contidos: Valor e uso dos casos (II): o dobre acusativo.

Actividades:

Recoñecer a función de dobre acusativo e distinguir os verbos máis frecuentes que rexen dous acusativos (persoa e cousa) dos que rexen un CD e un predicativo.

Reflexionar sobre as diferencias sintácticas deses verbos noutras linguas.

Construír frases en diversas linguas nas que se usen eses verbos.

Facer a análise sintáctica e traducir directa ou inversamente frases sinxelas con dobre acusativo.

Sesión 29

Obxectivos:

Comprender como se expresa a posesión en grego.

Contidos:

Valor e uso dos casos (III): a posesión e o dativo posesivo.

Actividades

Recoñecer a expresión da posesión cos pronomes persoais en xenitivo e dativo.

Distinguir a posesión do dativo posesivo que indica a persoa que ten algo á súa disposición

Sesión 30

Obxectivos:

Identificar nas frases C.C. e verbos compostos con estas preposicións.

Deducir helenismos

Contidos:

As preposicións (II): ἐπί, ὑπέρ, ὑπό, παρά, περί

Actividades:

Identificar os sintagmas coas preposicións ἐπί, ὑπέρ, ὑπό, παρά, περί e deducir helenismos.

Deducir o significado dos verbos compostos con estas preposicións.

Facer a análise sintáctica e traducir directa ou inversamente frases sinxelas con estes sintagmas e verbos compostos.

Sesión 31

Obxectivos:

Recoñecer o infinitivo presente activo de λύω e εἰμί.

Traducir frases con infinitivo nominal.

Contido:

O infinitivo (I)

Actividades:

Recoñecer o sufixo -ειν de formación do infinitivo presente activo dos verbos temáticos e o infinitivo activo de εἰμί.

Comprender o concepto de oración de infinitivo nominal e relaciónalo co latín, o galego e o inglés.

Facer a análise sintáctica e tradución directa e inversa de frases con infinitivo nominal.

Comeza a traducir textos sinxelos curtos.

32, 33 e 34

Obxectivos:

Recoñecer as desinencias da 3ª declinación nos temas en consoante oclusiva e o seu vocabulario básico.

Analizar e traducir frases sinxelas.

Contidos:

A 3ª declinación. Os temas en oclusiva.

Vocabulario

Actividades:

Recoñecer diferentes enunciados desta declinación.

Declinar temas en oclusiva e facer a análise morfolóxica de palabras en labial, gutural e dental.

Usa o vocabulario básico destes temas e procurar os helenismos máis comúns.

Facer a análise sintáctica e a tradución directa e inversa de frases sinxelas con este vocabulario.

Sesión 35

Obxectivos:

Recoñecer todas as formas de expresar a posesión e identificar os relativos nas frases.

Traducir oracións subordinadas de relativo.

Contidos:

Os posesivos e os relativos.

As oracións subordinadas de relativo.

Actividades:

Distinguir todas as formas de expresar a posesión en diferentes sintagmas.

Comprende o concepto de oración subordinada adxectiva e aplícalo ás oracións de relativo.

Comprender o concepto de antecedente do relativo e a súa concordancia.

Facer a análise sintáctica e a tradución directa e inversa de frases ou textos con posesivos e relativos.

Sesión 36, 37 e 38

Criterios de avaliación: Recoñecer formas verbais en voz media e pasiva e distinguir os seus usos sintácticos. Vocabulario verbal.

Contidos:

A voz media e a pasiva: concepto e desinencias.

Sintaxe da voz pasiva

Actividades:

Facer a análise morfolóxica dunha forma verbal en calquera tempo e voz do modo indicativo, e separa os seus compoñentes.

Comprender o concepto básico de voz media e identifícalo no dicionario.

Comprender o concepto de verbo depoñente e usar o vocabulario dos principais verbos *media tantum* deducindo os helenismos.

Recoñecer a voz pasiva e o axente e relaciónalo coas linguas coñecidas.

Analizar sintacticamente e traducir directa ou inversamente oracións con verbos nestas voces.

UNIDADE 4: A CIVILIZACIÓN GREGA

Sesións 39 e 40

Obxectivos:

Recoñecer en textos e imaxes información e vocabulario sobre o mundo cotián e mitolóxico relacionado co tema da muller e a guerra de Troia.

Ler textos de poesía épica grega: cantos VIII - XII da Odisea.

Realizar, no posible, unha lectura escenificada.

Contidos:

A muller. Afrodita. Troia.

A guerra de Troia.

Actividades:

Ler e comentar textos traducidos de autores clásicos alusivos ao tema da muller no mundo cotián e mitolóxico e da guerra de Troia

Observar e interpretar imaxes artísticas gregas sobre a muller, a deusa Afrodita e a guerra de Troia.

Identifica as pegadas da cultura grega en textos e obras de arte de todos os tempos e realizar unha lectura escenificada de cinco cantos de A Odisea.

Sesión 41

Obxectivos:

Recoñecer en textos e imaxes información e vocabulario sobre o mundo cotián e mitolóxico relacionado co tema do deporte e os Xogos Olímpicos.

Elaborar un traballo sobre o tema.

Contidos: O deporte. Hermes. Olimpia e os Xogos Olímpicos

Actividades:

Ler e comenta textos traducidos de autores clásicos alusivos ao tema do deporte no mundo cotián e mitolóxico.

Observar e interpretar imaxes artísticas gregas sobre o deporte, o deus Hermes e os Xogos deportivos.

Identificar as pegadas da cultura grega en textos e obras de arte de todos os tempos e elabora un traballo.

UNIDADE 5: SISTEMA NOMINAL E VERBAL III

Sesións 42, 43 e 44

Obxectivos:

Recoñecer as desinencias da 3ª declinación nos temas en consoante soante e en -ντ e o seu vocabulario básico.

Comprender o concepto de alternancia vocálica en lexemas e sufixos así como o de alargamento compensatorio e distinguir os nominativos alongados dos sigmáticos.

Analizar e traducir frases e textos sinxelos.

Confeccionar fichas coas familias léxicas e os helenismos vistos.

Contidos: A 3ª declinación. Os temas en soante e -ντ.

Vocabulario

Actividades:

Facer a análise morfolóxica de palabras en líquida, nasal e - ντ.

Usar o vocabulario básico destes temas e procura os helenismos máis comúns.

Facer a análise sintáctica e a tradución directa e inversa de frases sinxelas con este vocabulario.

Sesión 45

Obxectivos:

Identificar os determinantes, pronomes indefinidos, interrogativos e numerais en frases e textos.

Contidos: Os indefinidos, interrogativos e numerais.

As oracións interrogativas.

Vocabulario

Actividades:

Distinguir o indefinido τις do interrogativo τίς.

Recoñecer os numerais cardinais do 1 ao 20 e o sufixo de formación dos ordinais.

Declinar o 1 -2 - 3 e 4.

Usar o vocabulario básico destes pronomes e procurar os helenismos máis comúns.

Facer a análise sintáctica e a tradución directa e inversa de frases sinxelas con este vocabulario.

Sesión 46

Obxectivos:

Distinguir do CN do xenitivo cando indica un todo do que se menciona unha parte.

Contido:

Valor e uso dos casos (IV): O xenitivo partitivo.

Actividades:

Identificar a diferenza dun xenitivo partitivo da dun C.N. en frases e textos.

Sesións 47 e 48

Obxectivos:

Recoñecer o infinitivo presente medio e pasivo dun verbo temático.

Comprender o concepto de oración subordinada substantiva de infinitivo e de infinitivo nominal e relaciónalo co latín, galego e inglés

Traducir frases e textos con infinitivos con suxeito propio en acusativo.

Contidos:

O infinitivo (II). As oracións subordinadas substantivas de infinitivo con suxeito propio en acusativo.

Actividades:

Recoñecer o sufixo -σθαι de formación do infinitivo presente medio - pasivo dos verbos temáticos.

Facer a análise sintáctica e traducir directa e inversamente frases e textos con infinitivo con suxeito propio en acusativo.

Sesión 49

Obxectivos: Identificar nas frases C.C. e verbos compostos con estas preposicións.

Deducir helenismos

Contidos:

As preposicións III: σύν, πρό, μετά e διά

Actividades:

Identificar os sintagmas coas preposicións σύν, πρό, μετά e διά, e deducir helenismos.

Deducir o significado dos verbos compostos con estas preposicións. Diferencia o complemento de compañía do complemento de instrumento.

Facer a análise sintáctica e traducir directa ou inversamente frases e textos sinxelos con estes sintagmas e verbos compostos.

Sesión 51

Obxectivos: Recoñecer os adxectivos de 3 e 2 terminacións en nasal e o adxectivo πᾶς, πᾶσα, πᾶν.

Identificar os adxectivos μέγας e πολὺς.

Contidos: Os adxectivos de tema en nasal e -ντ e os adxectivos irregulares.

Vocabulario

Actividades:

Recoñecer os adxectivos de 3 e 2 terminacións de tema en nasal e as formas de πᾶς, πᾶσα, πᾶν.

Identificar as diversas formas dos adxectivos μέγας e πολὺς.

Facer a análise sintáctica e traducir directa ou inversamente frases e textos sinxelos con estes adxectivos.

Sesións 52 e 53

Obxectivos:

Recoñecer os adxectivos nos seus graos positivo, comparativo e superlativo.

Contidos:

Os graos do adxectivo: comparativos e superlativos.

Actividades:

Comprender o concepto de graos do adxectivo así como o concepto de 2º termo.

Identificar os dous sufixos de formación do comparativo de superioridade e os do superlativo, e as formas máis comúns de expresar o 2º termo.

Usar as formas máis frecuentes de comparativos e superlativos irregulares e relaciónaas co latín, galego e inglés.

Facer a análise sintáctica e traducir directa ou inversamente frases e textos sinxelos cos graos do adxectivo.

GREGO II

UNIDADE 1

Sesión 1

Obxectivos:

Recoñecer o participio presente de λύω e εἰμί

Traducir frases e textos de participio substantivado e concertado.

Contidos:

Introdución ao participio: o participio substantivado e concertado.

Vocabulario

Actividades:

Comprender o concepto de adxectivo verbal.

Distinguir o uso nominal e verbal do participio.

Facer a análise sintáctica e traducir directa ou inversamente frases e textos sinxelos con participios.

Sesión 2

Obxectivos:

Identificar o aumento en lexemas verbais que comezan por consoante dobre ou por vogal.

Contidos:

O aumento e os seus tipos.

O aumento nos verbos compostos.

Actividades:

Comprender o concepto deste recurso nos tempos pasados do indicativo.

Distinguir o aumento silábico do temporal.

Comprender a formación do aumento nos verbos compostos e os cambios que se producen ao incorporar este recurso.

Facer a análise morfolóxica de formas verbais con aumento separando os seus compoñentes.

Sesión 3

Obxectivos:

Recoñecer en textos e imaxes información e vocabularios obre o mundo cotián e mitolóxico relacionado co tema da relixión e o oráculo de Delfos.

Ler textos de poesía lírica grega.

Memorizar poemas e expoñelos na aula.

Contidos: A relixión.

Apolo e o oráculo de Delfos.

Lesbos e a poesía lírica.

Actividades:

Ler e comentar textos traducidos alusivos ao tema da relixión e o oráculo de Delfos no mundo cotián e mitolóxico, así como unha selección de poemas líricos.

Observar e interpretar imaxes artísticas gregas sobre a relixión, o deus Apolo e o oráculo de Delfos.

Identificar as pegadas da cultura grega en textos e obras de arte de todos os tempos e recitar algún poema lírico traducido ao galego.

Sesión 4

Obxectivos:

Recoñecer en textos e imaxes o mundo cotián e mitolóxico relacionado co tema da guerra e a sociedade espartana.

Contidos:

A guerra e a sociedade espartana.

O deus Ares.

Actividades:

Ler e comentar textos traducidos alusivos ao tema da guerra e a sociedade espartana no mundo cotián e mitolóxico.

Observar e interpretar imaxes artísticas gregas sobre a guerra, o deus Ares e a sociedade espartana.

Sesión 5

Obxectivos:

Coñecer os enunciados e a declinación dos temas en silábante e o seu vocabulario básico.

Procurar derivados.

Analizar e traducir frases e textos con palabras destes temas.

Contidos:

A 3ª declinación: temas en silábante

Actividades:

Repasar os temas da 3ª declinación vistos en 1º de Bacharelato e recoñecer diferentes enunciados desta declinación.

Declinar temas en silábante e facer a análise morfolóxica de substantivos neutros en -ος e de substantivos e adxectivos en -ης.

Usar o vocabulario básico destes temas e procura os helenismos máis comúns.

Facer a análise sintáctica e a tradución directa e inversa de frases con este vocabulario.

Sesión 6

Obxectivos:

Comprender o concepto de C.C. sen preposición e recoñecer en que tipo de expresións se emprega.

Analizar e traducir frases e textos con estes complementos.

Contidos:

Os complementos circunstanciais sen preposición.

Actividades:

Comprender o concepto de C.C. sen preposición e repasa a expresión do instrumento vista en 1º de Bacharelato.

Recoñecer estes complementos nos textos.

Nomear aquelas expresións máis frecuentes para expresar a noción do tempo.

Nomear aquelas expresións máis frecuentes para expresar a extensión no espazo.

Comprender o acusativo de relación e distíngue os verbos, substantivos e adxectivos máis frecuentes que adoitan construírse con este acusativo.

Construír frases en diversas linguas nas que se usen estes complementos.

Facer a análise sintáctica e traducir directa ou inversamente frases con C.C. sen preposición

UNIDADE 3

Sesión 7

Obxectivos:

Distíngue formas verbais en diferentes modos e recoñecer os seus usos en frases e textos gregos.

Contidos:

Os modos verbais.

Actividades:

Repasar as características do modo indicativo vistas en 1º de Bacharelato.

Distíngue as diferenzas morfolóxicas do subxuntivo, optativo e imperativo fronte ao indicativo.

Facer a análise morfolóxica dunha forma verbal en calquera destes modos separando os seus compoñentes.

Facer a análise sintáctica e a tradución ao galego de frases e textos gregos con formas verbais en diferentes modos.

Sesión 8

Obxectivos:

Coñecer o infinitivo nos seus catro temas verbais, e distinguir a “*falsa*” construción persoal con infinitivo en frases e textos.

Contidos:

O infinitivo. A “*falsa*” construción persoal.

Actividades:

Repasar o infinitivo nominal e a oración subordinada substantiva de infinitivo con suxeito propio en acusativo visto en 1º de Bacharelato.

Recoñecer os infinitivos de presente, futuro, aoristo e perfecto.

Comparar e distinguir unha construción persoal con infinitivo dunha impersoal.

Facer a análise sintáctica e a tradución ao galego de frases oracións con infinitivos en diferentes temas e usos.

Sesión 9

Obxectivos:

Recoñecer o aoristo radical dos verbos γίγνομαι, ἔχω, βάλλω e verbos con infixos e sufixo nasal.

Recoñecer as formas do verbo polirrizo λέγω.

Contidos:

O aoristo radical temático (I)

Actividades:

Repasar o aoristo sigmático.

Comprender o concepto de *aoristo 2º* ou **radical temático** e distinguilo do aoristo sigmático.

Recoñecer un aoristo radical temático en todos os seus modos e voces.

Recoñecer nos textos o aoristo dos verbos γίγνομαι, ἔχω, βάλλω, λέγω e verbos con infixos e sufixo nasal.

UNIDADE 4

Sesión 10

Obxectivos:

Coñecer as características e autores principais da poesía épica grega.

Ler os cantos I, VI, XVI e XXII da Ilíada.

Contidos:

A poesía épica.

Actividades:

Comprender a importancia da literatura grega para Occidente e coñece as súas etapas e soportes de escritura.

Nomear as principais características da épica, así como os seus autores e respectivas obras.

Reflexionar sobre a importancia e influencia de Homero en toda a literatura occidental.

Repasar e ampliar os coñecementos vistos en cursos anteriores sobre o mito da Guerra de Troia observando e comentando imaxes de arte.

Ler e comentar os catro cantos de *A Ilíada* obrigatorios para as probas de ABAU.

Sesión 11

Obxectivos:

Coñecer os enunciados e a declinación dos temas en vogal e ditongo, así como o seu vocabulario básico.

Procurar derivados.

Contidos:

Os temas en vogal e ditongo.

Vocabulario.

Actividades:

Analizar e traducir frases e textos con palabras destes temas.

Estándares de aprendizaxe:

Declinar temas en vogal e facer a análise morfolóxica de substantivos en -ι femininos tipo πόλις, πόλεως, e o substantivo ναῦς, νεώς.

Declinar e recoñecer os adxectivos de tres terminacións de tema en -ο para masculinos e neutros.

Elaborar o cadro xeral da terceira declinación e o cadro xeral do adxectivo.

Usar o vocabulario básico destes temas e procura os helenismos máis comúns.

Traducir distinguindo nas frases e textos as palabras destes temas.

Sesión 12 e 13

Obxectivos:

Comprender o concepto de verbo contracto e coñecer as características dos verbos contractos.

Analizar e traducir frases e textos con este tipo de verbos.

Contidos:

Os verbos contractos.

Características e vocabulario.

Actividades:

Distinguir nos textos un verbo contracto dun non contracto.

Recoñecer as diferentes contraccións do tema de presente e os alongamentos dos outros temas verbais.

Nomear os verbos contractos máis frecuentes e traduce frases e textos con estes verbos.

Sesión 14 e 15

Obxectivos:

Coñecer o participio nos seus catro temas verbais, e distinguir o seu uso nominal e verbal en frases e textos.

Contidos:

O participio.

Usos nominais e verbais.

Actividades:

Repasar e distinguir o participio con artigo e o participio concertado visto en 1º de Bacharelato.

Recoñecer os participios de presente, futuro, aoristo e perfecto.

Comparar e distinguir unha oración de participio concertado dunha de participio ou xenitivo absoluto.

Facer análise sintáctica e tradución de diferentes participios en frases e textos.

UNIDADE 5

Sesións 16, 17 e 18

Obxectivos:

Comprender o concepto de subordinación e de oración subordinada substantiva.

Distinguir as principais oracións substantivas con ou sen nexo en frases e textos.

Contidos:

As oracións subordinadas I.

As substantivas.

Actividades:

Repasar os nexos coordinantes vistos en 1º de Bacharelato.

Distinguir en textos unha oración coordinada dunha subordinada.

Traducir oracións e textos con oracións substantivas introducidas polas conxuncións ὅτι, ὡς, ὅπως e μή, e distinguir esta última do adverbio de negación.

Repasar e afianzar o coñecemento das oracións substantivas de infinitivo nominal e con suxeito propio en acusativo.

Traducir oracións e textos identificando as substantivas de participio tras algúns verbos de percepción e coñecemento.

Repasar as oracións interrogativas directas vistas en 1º de Bacharelato e identificar as indirectas introducidas por pronomes ou adverbios interrogativos e pola conxunción εἰ.

Sesión 19

Cráterios de avaliación: Coñecer todos os procedementos de formación da reduplicación no tema de perfecto.

Contidos: A reduplicación.

Estándares de aprendizaxe:

- Repasa o visto en 1º de Bacharelato sobre o tema de perfecto.
- Recoñece todos os procedementos de formación da reduplicación nos verbos simples e compostos.
- Fai a análise morfolóxica de formas verbais con reduplicación separando os seus compoñentes.
- Traduce e recoñece diferentes perfectos en frases e textos.

Competencias clave: CL, CA, CD

Sesións 20 e 21

Obxectivos:

Recoñecer o aoristo radical dos verbos φεύγω, βαίνω, πίπτω e con sufixo -(ι)σκω.

Os polirrizos ἔρχομαι, ὀράω, φέρω e αἰρέω.

Contidos:

O aoristo radical II

Actividades:

Comprender a diferenza entre un imperfecto e un aoristo radical.

Conxugar un aoristo radical (2º) en todos os seus modos e voces.

Traducir textos con aoristos radicais.

Competencias clave: CL, CA, CD

UNIDADE 6

Sesión 22

Obxectivos:

Coñecer as características, tipos e autores principais da poesía lírica grega.

Ler unha selección de poemas de Arquíloco, Safo e Alceo.

Contidos:

A poesía lírica

Actividades:

Situar este xénero na época arcaica e repasar os personaxes e acontecementos máis importantes da mesma.

Recoñecer as características, tipos e autores principais da poesía lírica grega.

Ler e comentar unha selección de poemas de Arquíloco, Safo e Alceo.

Sesión 23

Obxectivos:

Coñecer as características, autores e obras destacadas da historiografía grega, principalmente de Xenofonte.

Contidos:

A historiografía.

Actividades:

Situar este xénero na época clásica e identificar os personaxes e acontecementos históricos máis importantes da mesma.

Coñecer as causas, acontecementos principais e desenlace da Guerra do Peloponeso.

Identificar e comenta os personaxes e acontecementos históricos nas *obras de Xenofonte obxecto de tradución*.

Sesión 24 e 25

Obxectivos:

Comprender o concepto de verbo oclusivo e coñecer as súas características.

Analizar e traducir oracións e textos con estes verbos.

Contidos:

Os verbos oclusivos: características e vocabulario.

Actividades:

Repasar o visto o curso pasado sobre as consoantes oclusivas e os temas en oclusiva da 3ª declinación.

Recoñecer os cambios fonéticos que experimentan as consoantes oclusivas: labiais, guturais e dentais nos distintos temas verbais.

Distinguir nos textos un verbo oclusivo dun non oclusivo.

Nomear os verbos oclusivos máis frecuentes e traduce frases e textos con estes verbos

Sesión 26

Obxectivos:

Comprender o concepto de verbo líquido e coñecer as súas características.

Analizar e traducir oracións e textos con estes verbos.

Contidos:

Os verbos líquidos: características e vocabulario.

Actividades:

Repasar o visto o curso pasado sobre as consoantes soantes e os temas en líquida e nasal da 3ª declinación.

Recoñecer os reforzos, contraccións e alongamentos que se dan nos distintos temas verbais.

Comprende o concepto de aoristo asigmático e distingue o aoristo dun verbo líquido dun aoristo radical.

Distinguir nos textos un verbo líquido dun non líquido.

Nomear os verbos líquidos máis frecuentes e traduce oracións e textos con estes verbos.

Sesión 27

Obxectivos:

Comprender o concepto de oración subordinada adverbial.

Distinguir as oracións causais, temporais, finais e consecutivas en oracións e textos.

Contidos:

As oracións adverbiais I.

Actividades:

Coñecer os principais nexos causais, temporais, finais e consecutivos.

Distinguir os nexos que só expresan unha circunstancia dos que poden expresar varias, destacando os *usos da conxunción ὡς*.

Traducir oracións e textos con oracións subordinadas adverbiais introducidas por estes nexos.

Sesión 28

Obxectivos:

Distinguir as oracións comparativas, condicionais e concesivas en oracións e textos.

Contidos:

As oracións adverbiais II.

Actividades:

Coñecer os principais nexos comparativos, condicionais e concesivos.

Comprender os catro tipos que presentan as oracións condicionais, e relacionalos co latín, galego e inglés.

Identifica a partícula ἄν e comprende os seus usos.

UNIDADE 7

Sesión 29

Obxectivos:

Comprender o concepto de verbo atemático e coñecer as súas características principais.

Analizar e traducir oracións e textos con estes verbos.

Contidos:

Os verbos atemáticos.

Actividades:

Repasar o visto o curso pasado sobre o verbo εἶμι.

Comprender o concepto de verbo atemático e distinguilo dun temático.

Coñece os tres tipos de verbos atemáticos.

Recoñecer as características principais destes verbos.

Distinguir polo lexema entre formas do verbo εἶμι e εἶμι.

Recoñecer polo lexema diversas formas de δίδωμι, τίθημι, ἵστημι e ἴημι.

Recoñecer polo lexema diversas formas de verbos con sufixo -νυ, especialmente δείκνυμι e ὄλλυμι.

Nomear os verbos atemáticos máis frecuentes e traduce frases e textos con estes verbos.

Elaborar un cadro xeral dos verbos temáticos e atemáticos.

Sesións 30, 31 e 32

Obxectivos:

Recoñecer a orixe, características, xéneros e autores principais da poesía dramática grega.

Ler a traxedia *Edipo Rei* e a comedia *As Nubes*.

Contidos:

O teatro.

Actividades:

Coñecer a orixe, características, organización, xéneros e autores principais do teatro grego.

Comprender a relación do teatro coa democracia ateniense, observando e comentando imaxes de arte.

Ler e comentar a traxedia de Sófocles *Edipo Rei* e a comedia de Aristófanes *As Nubes*.

Comprender a importancia do teatro grego na literatura occidental.

6. Materiais e recursos didácticos

CULTURA CLÁSICA

Repositorio de Contidos EspazoAbalar da Consellería de Educación:

Imaxes extraídas da *web* e dos libros de Arte tanto para a observación dun mesmo mito longo da Historia como para a realización dos obxectos propostos

Libros de texto de diferentes edicións e editoriais que se atopan na aula do departamento da materia.

LATÍN 4º ESO:

Os recursos antes mencionados para 3º ESO e o libro de texto de **Latín 4º ESO** da ed. Casals.

Imaxes extraídas da *web* para a observación dun mesmo mito ao longo da Historia.

LATÍN I

Libro de texto da ed. Vicens – Vives con todos os seus recursos e actividades.

Envío a través do correo interno do IES de textos que non veñen no libro para reforzar a sintaxe de estruturas que non quedarían ben interiorizadas só cos exercicios do libro.

LATÍN II

Libro de texto do curso pasado e apuntamentos enviados por min ao correo interno de cada unha do IES con toda a gramática, a Literatura, as expresións latinas e os topónimos que non veñen no libro.

Diccionario VOX con gramática incluída, imprescindible para unha tradución correcta tanto para as traducións a realizar en clase como para a proba de ABAU

GREGO I

Libro de texto válido para 1º e 2º BACH de ed. Baía

Envío ao correo do alumnado de imaxes relativas ás civilizacións minoica e micénica.

GREGO II

Libro de texto do curso anterior válido para acabalo este curso e diccionario con gramática válido para a proba de ABAU

7. Concrecións metodolóxicas

CULTURA CLÁSICA

Realización de exercicios e traballos que vai suxerindo a propia materia a medida que avanza no seu desenvolvemento.

LATÍN 4º ESO, LATÍN I, LATÍN II, GREGO I e GREGO II

Realización das actividades individuais propostas por min baseadas nas actividades do libro e outras, que eu poida suxerir, para poder subir a nota en cada proba de cada avaliación.

Probas obxectivas para ir *redondeando* a nota. para que aprendan e comprendan a nova materia necesaria para traducir os textos

8. Avaliación

CULTURA CLÁSICA

1.- Traballo: Realizarase como mínimo e para acadar o aprobado un traballo por avaliación (á escolla do alumnado) tres traballos ao longo do curso. Para acadar a nota máxima a / o alumna /o deberá realizar tres traballos por avaliación

A nota final será a media das tres avaliacións

A nota final do curso será a media das tres avaliacións. por tanto, promocionarán aquelas alumnas e alumnos cuxa nota media final na avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5.

LATÍN 4º ESO

Faránselles ao alumnado dúas probas por avaliación: unha teórica e outra práctica. Cada unha delas será avaliada cun 5.

A suma delas dará a nota total de cada avaliación e a nota final será a media entre as tres.

LATÍN I

Faránselles ao alumnado dúas probas por avaliación unha teórica e outra práctica. A nota media das tres probas teóricas sumarase á nota práctica final.

LATÍN II

Faránselles dúas probas por avaliación: unha teórica que, dado como vai ser puntuada (ata unha nova directriz por parte da CIUG) a proba das ABAU, terá un valor de 5 puntos e outra práctica, que valerá outros 5 puntos.

As teóricas farán media entre as tres, a práctica será a da 3ª avaliación.

GREGO I

Faránselles ao alumnado dúas probas por avaliación unha teórica e outra práctica. A nota media das tres probas teóricas sumarase á nota práctica final.

GREGO II

As/os alumnas/os deberán, tal como amosa o modelo de ABAU para o 2021, de dúas partes, unha teórica que terá un valor de 4 puntos e unha de práctica que terá un valor de

6 (ata unha nova notificación por parte da CIUG)

Actividades de recuperación.

CULTURA CLÁSICA

O alumnado que, de ser o caso, non acade unha cualificación igual ou superior a 5 na avaliación ordinaria de xuño, **pactará coa profesora un traballo para a avaliación final extraordinaria de setembro**, podendo ser este de calquera tema que estea incluído nalgún dos bloque temáticos que constitúen esta materia

LATÍN 4º ESO

O alumnado que, de ser o caso, non acade o coñecemento dos contidos mínimos establecidos **poderá realizar algunha recuperación por escrito** se é que non lle dese a nota media para superar a avaliación extraordinaria de xuño.

De persistir na súa nota negativa na avaliación ordinaria de xuño pactaría comigo un traballo para a avaliación extraordinaria podendo ser este de calquera tema que estea incluído nalgún dos bloque temáticos que constitúen esta materia

LATÍN I

De non acadar unha nota igual ou superior a 5, a / o poderá volver ser avaliado de ambas partes das probas.

LATÍN II

De non acadar unha nota igual ou superior a 5 **en cada unha das partes** a alumna / o será avaliada/o de novo desa na que non teña logrado o 5.

GREGO I

De non acadar unha nota igual ou superior a 5, a / o poderá volver ser avaliado de ambas partes das probas

GREGO II

As alumnas deberán, tal como amosa o modelo de ABAU para o 2021, de dúas partes, unha teórica que terá un valor de 4 puntos e unha de práctica que terá un valor de 6.

EXERCICIOS DE RECUPERACIÓN (2)

De non acadar unha positiva na avaliación ordinaria a/o alumna/o faría unha 2ª proba que consistiría na realización de exercicios e traducións corrixidos previamente nas clases. O que de sempre veu sendo chamado nos estudos de Filoloxía Clásica "*relectio*".

9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino aprendizaxe

A realización e consulta das Actas do departamento para observar se van sido conseguidos os obxectivos propostos nas diferentes sesións das Unidades didácticas nos dará un sentido aproximado de se vai sendo conseguido o proceso de ensino aprendizaxe tal como

10. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente de 1º BACH irá realizando ao longo das avaliacións as tarefas que lles vaia eu enviando para ser traballadas e puntuadas,

11. Elementos transversais

Educación para a igualdade entre sexos

- Recoñecer en textos clásicos e situacións actuais calquera tipo de discriminación por razón de sexo que se poda observar e tratar de poñer fin a esa situación do mellor xeito posible
- Reflexionar e opinar sobre as situacións observadas, aportando posibles solucións para evitar a discriminación.
- Acadar o compromiso de evitar, en calquera situación comunicativa, formas, termos e expresións que denoten discriminación.
- Rexeitamento ante calquera situación, da vida cotiá e de relación social, de discriminación por razón de sexo.

Exemplos prácticos nos temas de “CLÁSICAS”:

- Grecia: HOMERO, Ilíada: Helena vs. Andrómaca

Odisea: Penélope vs. O resto das mulleres

Grecia clásica: esposa, hetera, prostituta. Será de especial interese investigar o exemplo, na Venecia renacentista, da “cortesá” Verónica Franco, quen *mutatis mutandis*, pode reflectir perfectamente o papel da hetera na Grecia clásica.

- Roma: a muller “anónima” vs. a “herdeira única”

Educación moral e cívica

- Acadar un compromiso persoal para a conservación do patrimonio artístico, lingüístico e cultural.

Educación para a paz

- Analizar e recoñecer nos textos gregos e latinos as aportacións de personaxes de calquera ámbito do mundo clásico no fomento da paz, as relacións entre os diversos pobos e a convivencia.

-Aplicar as normas que rexen o intercambio comunicativo, sabendo respectar e aceptar as aportacións dos demais.

- **Como chegou a se formar o Imperio romano**

Educación ambiental

- Recoñecer e identificar no entorno próximo restos arqueolóxicos que se relacionen co ámbito grecorromano.

- Manter un compromiso e unha implicación persoal para lograr o mantemento e conservación de toda pegada do mundo clásico no entorno natural, sabendo apreciar os avances tecnolóxicos e o respecto das antigas civilizacións pola natureza.

- Apreciar e valorar a diversidade lingüística e cultural de Galicia, España (Mérida) e Europa como mostra da diversidade e riqueza culturais.

12. Contribución do departamento ao Proxecto lector

O alumnado de Cultura clásica, Latín e Grego deberá ler:

Cultura clásica 3º ESO:

- Visión da serie para TV *Odyssey* do 1997, dirixida á súa vez por Andrei Konchalovsky.

Existe na biblioteca a “Guía didáctica” de dita serie realizada polo Dr. Lillo Redonet (Fernando) para comentar os aspectos fundamentais da obra de Homero.

Latín 4º ESO

Lectura de “*As metamorfoses*” de Ovidio en versión adaptada para estudantes

Latín I (1º BACH)

- Os *Catulli Carmina* serán tamén obxecto de lectura este curso.
- Lectura de *Iambi* de Horacio que resulten ser “á maneira” dos do poeta grego Arquíloco de Paros, no que se basean.
- Lectura de “*Epigramas*” de Catulo, Marcial e Xuvenal

- Lectura adaptada da obra épica latina escrita por Virxilio

Latín II (2º BACH)

O alumnado deberá ler coma lecturas obrigatorias que, en versión traducida castelá e / ou galega, poden ser obxecto de avaliación na proba das ABAU as seguintes:

- 1.- Fragmentos seleccionados de cantos de A Eneida de Virxilio
- 2.- Poemas significativos de Odas e Epodos de Horacio
- 3.- Pasaxes de Ab Urbe Condita de Livio
- 4.- O discurso Pro Milone de Cicerón e analizar os recursos oratorios empregados

Grego I (1º BACH)

- A traxedia Edipo rei de Sófocles
- Poemas de Safo de Lesbos e Arquíloco de Paros (obxecto tamén de estudo o curso seguinte)
- A comedia As Nubes de Aristófanes Grego II (2º BACH)

O alumnado deberá ler coma lecturas obrigatorias que, en versión traducida castelá e / ou galega, poden ser obxecto de avaliación na proba das ABAU as seguintes:

- Os cantos I, VI, XVI e XXII da *Ilíada*
- A traxedia Edipo rei de Sófocles (de estudo para as ABAU, polo menos ata este momento)
- A comedia As Nubes de Aristófanes (tamén obxecto de estudo para as ABAU nos últimos cursos)
- Poemas de Safo e Alceo de Lesbos e Arquíloco de Paros.

14. Contribución do departamento ao Plan TIC

Ademais da proxección da maioría das películas e busca das obras de arte citadas, propónse tamén a busca na Rede das máis importantes representacións teatrais das obras clásicas incluídas as adaptadas a un concepto moderno do mito: i.e. “**Juicio a una zorra**”, protagonizada pola actriz *Carmen Machi*, que pode verse na plataforma de televisión HBO

15. Contribución do departamento ao Plan de Convivencia

O departamento de “Clásicas” participará en todas as iniciativas que propoña a coordinadora de convivencia.

16. Actividades complementarias e extraescolares

FESTIVAL DE TEATRO GRECOLATINO.

No caso de que este curso as condicións da pandemia o permitan e a SEEC Galicia así o dispoña tentarei ir co alumnado de 1º e 2º de BACH de Latín e Grego ás representacións de traxedia e comedia que se viñan representando na Teatro Colón da Coruña.

17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Esta programación será avaliada ao longo do curso nas sucesivas horas de Xefatura de Departamento, que terán lugar segundo o horario presentado.

Na memoria de final de curso serán recollidos e analizados os obxectivos que se puideron cumprir, introducindo as modificacións que algúns deles necesiten para a súa adecuación no curso que vén. Igualmente serán recollidos aqueles obxectivos que non foi posible levar a cabo, analizando as causas e introducindo as rectificacións necesarias nos casos en que sexa posible, ou eliminándoos.

18. ANEXO

Situación de posible confinamento

Nesta situación tratarase de realizar o mesmo traballo que para o curso semipresencial, empregando tanto a “Aula virtual” coma o dominio “@iesdavidbujan.gal”.

As clases irán impartíndose tal coma o *Equipo Covid* o considere oportuno.

4º ESO: Ir traballando os contidos gramaticais vía telemática e os culturais seguindo os temas do libro de texto.

As probas de cualificación serán aleatorias para o alumnado, non tendo que ser as mesmas para todo el.

LATÍN E GREGO I e II: a teoría será explicada / enviada por min ao alumnado que terá que ir estudándoa ata o momento da proba de contidos teóricos. Os exercicios prácticos terán necesidade de ser enviados por min e despois corrixidos tamén por min ata que sexan preguntados nas probas prácticas que serán realizadas *individualmente* para cada alumna / o. i.e. cada alumna/o terá a súas propias probas obxectivas (*exames*), diferentes ás do resto para evitar o copiado entre elas/es e intentando pola miña parte que sexan o máis equilibradas posible.